Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 3 de marzo de 2023 (1396/1102)**

| ASISTENTES: | NON ASISTEN: |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | D. Francisco Javier Pardo Espiñeira |
| Dª Mª Carmen Silva Rego | Dª Mª José Caride Estévez |
| Dª Elena Espinosa Mangana | |
| D. Carlos López Font | |
| D. Abel Losada Álvarez | |
| D. Jaime Aneiros Pereira | |
| Dª Yolanda Aguiar Castro | |
| Dª Patricia Rodríguez Calviño | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día tres de marzo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.
O Sr. Aneiros Pereira incorpórase á sesión en modo virtual.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(137).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.
.

**2(138).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENZAS WINDOWS DE ESTACIÓNS DE TRABALLO, ACTUALIZACIÓN-MANTEMENTO DE LICENZAS ENTORNOS VDA WINDOWS/CITRIX. EXPTE. 10056/113.**
Visto o informe xurídico do 21/02/2023 e o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

1.- En data 31/01/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da adquisición e actualización-mantemento de licenzas de entornos VDA Windows/Citrix (2023-2027).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/01/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de 01/02/2023.

- Memoria económica do contrato de data 02/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 03/02/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 03/02/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 08/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 09/02/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/02/2023.

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 19/12/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación da adquisición e actualización-mantemento de licenzas de entornos VDA Windows/Citrix (2023-2027), no que constan:

1.- En data 31/01/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da adquisición e actualización-mantemento de licenzas de entornos VDA Windows/Citrix (2023-2027).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/01/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de 01/02/2023.

- Memoria económica do contrato de data 02/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 03/02/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 03/02/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 08/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 09/02/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/02/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **249.905,06 €**, que inclúe un I.V.E. de **43.371,95 €**, dende o 31 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| **Exercicio** | **concepto** | **partida/Proxecto** | **base** | **ive** | **total** |
|---|---|---|---|---|---|
| 2023 | Licencias de produtos informáticos | 9207.2090000 | 46.620,00 € | 9.790,20 € | 56.410,20 € |
| 2023 | Mantemento Software | 9207.2279902 | 22.224,37 € | 4.667,12 € | 26.891,49 € |
| 2024 | Licencias de produtos informáticos | 9207.2090000 | 46.620,00 € | 9.790,20 € | 56.410,20 € |
| 2024 | Mantemento Software | 9207.2279902 | 22.224,37 € | 4.667,12 € | 26.891,49 € |
| 2025 | Licencias de produtos informáticos | 9207.2090000 | 46.620,00 € | 9.790,20 € | 56.410,20 € |
| 2025 | Mantemento Software | 9207.2279902 | 22.224,37 € | 4.667,12 € | 26.891,49 € |
| **TOTAL** | | | **206.533,11 €** | **43.371,95 €** | **249.905,06 €** |

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(139).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN "DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN" PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: "ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO". EXPTE. 248246/301.**
Visto o informe xurídico do 17/02/2023 e o informe de fiscalización do 24/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado pola xefa de Servizo de Benestar social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda.

I. INFORME

I.1. A Asociación "Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down" é unha asociación privada sen ánimo de lucro de carácter benéfico-asistencial, con capacidade xurídica e de obrar, constituída formalmente en 1989 co propósito de traballar a favor da integración e normalización das persoas con Síndrome de Down e mellorar a súa calidade de vida.

Figura inscrita, entre outros Rexistros, no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil de Pontevedra (nº 1979), no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 1989-1979-1 (PO), no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 248-92) e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 16.06.1994 (RUEPSS nº E-153). Foi declarada de utilidade pública polo Ministerio do Interior en febreiro do ano 2000, co nº 90.183.

I.2. De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como fin principal a promoción e realización de todas cantas actividades estean encamiñadas á mellora da calidade de vida das persoas con Síndrome de Down; en especial, as dirixidas á súa integración na vida familiar, escolar, social e laboral. Para o cumprimento deses fins desenvolve diferentes servizos e actividades de atención directa, orientación, asesoramento, información e apoio psicolóxico ás familias, inclusión social, lecer e tempo libre, colaboración con outras entidades e institucións, etc.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, a Asociación "Down Vigo" ven desenvolvendo desde hai anos o *"Programa ME MUEVO"* de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do contorno, que ten como obxectivos ampliar a inclusión e normalización das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual na sociedade, favorecer o desenvolvemento da súa autonomía persoal, incidir no coñecemento do contorno social e potenciar as habilidades e destrezas sociais.

I.4. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación "Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down" para a execución do proxecto: "ME

MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO" (ANOS 2023-2025).

I.5. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.6. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.7. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.9. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2023 existe consignación de crédito na aplicación n.º 2310.480.00.19 – "*Asociación Down Vigo, Programa Móvome*", por un importe de 6.500€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2024 e 2025 (6.500€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.10. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación "Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down" para os exercicios de 2023, 2024 e 2025.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre o Concello de Vigo (Concellería de Política de Benestar Social) e a Asociación "Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down", CIF nº G-36697324, para a execución do proxecto: "ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO" (ANOS 2023-2025)».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 19.500€, a razón de 6.500€/ano, con cargo, no exercicio de 2023, á aplicación nº 2310.480.00.19 – "*Asociación Down Vigo, Programa Móvome*" do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha "*convocatoria instrumental*" e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E “DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN” PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: ‘ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO’ (ANOS 2023-2025)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, Dª. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. José Manuel García Orois, con DNI nº 36.043.523-Q, Presidente da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down”, CIF nº G-36697324, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Portela nº 48, baixo, de Vigo (CP 36214).

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Manuel García Orois, actuando en representación da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó Exp. nº 248245/301 (2023), asegurando o comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” é unha asociación privada sen ánimo de lucro de carácter benéfico-asistencial, con capacidade xurídica e de obrar, constituída formalmente en 1989 co propósito de traballar a favor da integración e normalización das persoas con Síndrome de Down e mellorar a súa calidade de vida.

Figura inscrita, entre outros Rexistros, no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil de Pontevedra (nº 1979), no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 1989-1979-1 (PO), no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 248-92) e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 16.06.1994 (RUEPSS nº E-153). Foi declarada de utilidade pública polo Ministerio do Interior en febreiro do ano 2000, co nº 90.183.

De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como fin principal a promoción e realización de todas cantas actividades estean encamiñadas á mellora da calidade de vida das persoas con Síndrome de Down; en especial, as dirixidas á súa integración na vida familiar, escolar, social e laboral. Para o cumprimento deses fins desenvolve diferentes servizos e actividades de atención directa, orientación, asesoramento, información e apoio psicolóxico ás familias, inclusión social, lecer e tempo libre, colaboración con outras entidades e institucións, etc.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, a Asociación "Down Vigo" ven desenvolvendo desde hai anos o *"Programa ME MUEVO"* de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do contorno, que ten como obxectivos ampliar a inclusión e normalización das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual na sociedade, favorecer o desenvolvemento da súa autonomía persoal, incidir no coñecemento do contorno social e potenciar as habilidades e destrezas sociais.

III.- Que a Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por discapacidades de tipo psíquico e sensorial que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na*

*normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2023 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

## ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” para a execución do proxecto: “ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO” (ANOS 2023-2025)».

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación “Down Vigo” comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social no desenvolvemento das diversas actividades incluídas neste Progra-

ma e detalladas no proxecto presentado (saídas ó cine, teatro, salas de concertos, pubs, cafeterías, centros comerciais, parques, karaoke, bolera, museos, restaurantes, etc.; percorridos urbanos; asistencia a actividades deportivas como espectadores ou usuarios/as...). Estas actividades desenvolveranse durante toda a vixencia do Convenio, de acordo cos obxectivos, previsións e temporalización que figuran na proposta presentada pola Asociación e que constan nos expedientes de referencia.

TERCEIRA.- A Asociación “Down Vigo” comprométese tamén a:

a)Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

b)Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

c)Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación “Down Vigo” unha subvención, para cada un dos exercicios de 2023, 2024 e 2025, por importe de 6.500€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 19.500€. O gasto de 2023 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.19 – “*Asociación Down Vigo, Programa Móvome*” dos orzamentos. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2023, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2023-2025).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2023 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación “Down Vigo” e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estructura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a asi como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

    - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
    - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
    - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
    - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.
Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó *"estampillado"* de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da

actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

**4(140).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS) DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 2926/315.**

Visto o informe xurídico do 20/02/2023 e o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 13.12.2022 a Concelleira de Política de Benestar Social acordou incoar expediente administrativo para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e nos CMSS de Benestar Social, encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada de Política de Benestar Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política de Benestar Social o 13.12.2022 (trámite nº 6).

- Memoria xustificativa do contrato, asinada (versión final) o 16.02.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 91).

- Memoria económica, asinada (última versión) o 23.01.2023 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 48).

- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 16.01.2023 polo Xefe de Servizo de CEDRO e o 18.01.2023 pola Xefa de Servizo de Benestar Social, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada (trámite nº 39), con anexo de persoal achegado polo actual contratista (trámite nº 40).

- Declaración dos redactores do Prego técnico, asinada o 16.12.2022 polo Xefe de Área e o 16.01.2023 polo Xefe de Servizo de CEDRO e a Xefa de Servizo de Benestar Social (trámites núms. 18, 37 e 38).

- Documentos económicos (RC 3952 e RCFUT 3953), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 13.01.2023 (trámites núms. 32 e 34).

- Informe da Técnica de Administración Xeral e da Xefa do Servizo de Contratación do 17.02.2023 (trámite nº 94) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto dos «SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS) DE BENESTAR SOCIAL»», asinado o 17.02.2023 pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación (trámite nº 95).

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

III.1. O Concello de Vigo debe garantir a seguridade tanto das persoas usuarias como dos/as traballadores/as de CEDRO e CMSS (Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello) e das súas instalacións.

III.2. No expediente administrativo nº 149705/301 (2018) do Servizo de Benestar Social tramitouse a contratación dos servizos de vixiancia e seguridade de CEDRO e CMSS e a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07.06.2018, acordou adxudicar á mercantil “Segursystem Europa, SLU” o procedemento aberto para a contratación deses servizo de seguridade e vixilancia por un prazo de 4 anos (prorrogable mediante dúas prórrogas dun ano cada unha) contado desde o 01.08.2018, por un prezo total de 286.915,20 €.

III.3. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

III.4. Tanto no contrato como no PCAP preveíase a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 4 anos, mediante dúas (2) prórrogas dun

(1) ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

III.5. No expediente administrativo nº 2878/315 tramitouse a 1ª prórroga deste contrato, por un periodo dun (1) ano, desde o 01.08.2022 e ata o 31.07.2023, que foi aprobada pola XGL na súa sesión ordinaria do 17.02.2022.

III.6. O 21.10.2022 recibiuse comunicación do representante da empresa adxudicataria do servizo, "Segursystem Europa, SLU", do 18.10.2022, manifestando a súa oposición a unha segunda prórroga, finalizando por tanto o contrato o día 31.07.2023 (trámite nº 432; Exp. nº 149705/301).

III.7. Así as cousas, resulta indispensable manter a continuidade dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello a partir desa data.

III.8. Este novo contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30.12.2022 (Exp. nº 6812/241).

III.9. O Concello de Vigo carece dos medios humanos e técnicos necesarios para a prestación directa dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS, polo que resulta indispensable recorrer á súa contratación cunha empresa cualificada (Art. 116.4.f] LCSP).

III.10. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 13.12.2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.11. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo de CEDRO e Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da TAX e da Xefa do Servizo de Contratación do 17.02.2023, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.12. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano. A data prevista de inicio do novo contrato é o 01.08.2023.

III.14. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 435.660€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria (Art. 22 LCSP). O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H, 1.I e 1.J das FEC).

III.15. O seu orzamento base de licitación ascende a 316.289,16€ (IVE a soportar pola Admón. = 54.893,16€) e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00 - *“Contratación servicio seguridade”* e a súa bolsa de vinculación.

III.16. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.17. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, relativo ó «CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS) DE BENESTAR SOCIAL», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 91 e 48), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 39), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 17.02.2023 (trámite n.º 95, os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 32 e 34) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.
SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (316.289,16 €, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00 - *“Contratación servicio seguridade”* e a súa bolsa de vinculación, coa seguinte distribución por anualidades:

-2023: 43.929,05 €.
-2024: 105.429,72 €.
-2025: 105.429,72 €.
-2026: 61.500,67 €.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(141).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO F06 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 9143/106.**

Visto o informe xurídico do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/02/2023, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **14 de setembro de 2009**, adoptou o seguinte acordou:

*Primeiro.- Outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 40 anos a contar dende o día 1 de outubro de 2009 a María del Pilar Táboas Pintos, con NIF ***1102>>, sobre o posto denominado F06 (con anterioridade á reforma do mercado F05), suxeita entre outras ás seguintes condicións:*

a)*O canon mensual inicial é de 123,00 euros, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.*

*b)Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.*

*c)Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*

d)*A concesión está condicionada a que, nos prazos que se indican, o concesionario efectúe o ingreso das seguintes contías nos prazos que se indican, coma complemento ós 356,7 € xa ingresados a conta.../.*

*e)Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. Non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso.*

*f)De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.*

*g)Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*

*h)Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.*

*i)Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*

- *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
- *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

*j)Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrogable.*

*.../...”*

**SEGUNDO.-** Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con data 12 de xullo de 2022, Dna. María del Pilar Táboas Pintos con NIF ***1102>>, solicitou autorización para a cesión da concesión de dominio a favor de Dna. María Manuela Táboas Pintos con NIF ***4563>>.

Recabada información do servizo de Recadación, este emite con data 13 de outubro de 2022, certificación positiva da non existencia de débedas pendentes do concesionario.

**TERCEIRO**.- Así mesmo, achégase ao expediente información da situación actual no Réxime Especial de Autónomos de Dna. María Manuela Táboas Pintos, con NIF ***4563>,así como declaración responsable de Dna. María Manuela Táboas Pintos, conforme a interesada cumpre cos requisitos de capacidade xurídica de obrar para contratar, se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, dipón de diploma acreditativo da acción formativa para manipulador de alimentos e hixiene alimentaria e se compromete a cumprir coas condicións da concesión.

**CUARTO.-** Con data 17/11/2022 outórgaselle trámite de audiencia a Dna. María Manuela Táboas Pintos, con NIF ***4563> e Dna. María del Pilar Táboas Pintos con NIF ***1102>> e a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado de Progreso de Vigo para que formulen as alegacións e consideracións que estimen oportunas.

**QUINTO.-** Con data 26/11/2022 Dna. María Pilar Táboas Pintos, con NIF ***1102>> presenta no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 220293425, escrito de alegacións o expediente, alegando que a presentación da solicitude da cesión no rexistro é de data 12/07/2021 polo que en base a esa data o canon a pagar para a transmisión da cesión tería que ser o canon de 2021, dende a data da solicitude ata a data do fin da concesión (30/09/2049).

Solicita se revisen os cálculos realizados para determinar o canon a pagar para a concesión do posto.

Unha vez feita a revisión procédese a estimar a alegación e revisar os cálculos do canon a pagar pola transmisión da cesión do posto, tomando como base o importe do canon do ano 2021 ata a data do fin da concesión

**SEXTO.-** De conformidade coas condicións do outorgamento indicadas no apartado primeiro e coa solicitude á que se refire o presente, xunto o informe xurídico que se achega ao expediente, proponse a adopción do seguinte

**ACORDO**

***PRIMEIRO.-*** *Autorizar a cesión da concesión de dominio de María del Pilar Táboas Pntos con NIF ***1102>>, e en consecuencia, outorgar a mesma a* María Manuela Táboas Pintos, con NIF ***4563>>, , *ata a data de remate da cesión de dominio do 30 de setembro de 2049, sobor do posto denominado F06, suxeita ás seguintes condicións:*

*a) O canon mensual inicial de 2021 é de 293,67 €/mes que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.*

*b) Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.*

*c) Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*

*d) A transmisión da concesión implica a liquidación da persoa cedente do posto do importe de* ***8.287,37 €*** *euros, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 293,67 €/mes (canon do ano 2021), polo número de anos ou fracción, que lle restan ata o remate da concesión (30-09-2049) de 28,22 anos, a contar dende a data da solicitude de cesión de dereitos do 12/07/2021.*

*e) De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto. Pola súa banda, o mobiliario existente no posto e que se transmite con él é propiedade do Concello de Vigo, tras os acordos aos que a tal fin chegou o Concello de Vigo cos adxudicatarios dos postos, quedando o novo adxudicatario á súa boa conservación e uso e nos estando permitida, agás autorización expresa, a súa retirada ou substitución.*

*f) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*

*g) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización*

*h) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.*

*i) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*

- *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*

- *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

***SEGUNDO.-*** *Requirir á Dna. María del Pilar Táboas Pintos, NIF ***1102>>, o pago de* ***8.287,37 €*** *euros (resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 293,67 €/mes polo tempo que resta ata a data de remate da concesión do 30/09/2049, 28,22 anos).*

***TERCEIRO.****- Advertir que, unha vez aboada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.*

***CUARTO.-*** *Notificar o presente acordo aos interesados cedente e cesionario, así como á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, concesionaria do mercado, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente."*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 6(142).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO (LOTE 3). EXPTE. 231895/301

Visto o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 3)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

> *"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos incluídos no «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 100 e 56), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 44), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30.11.2022 (trámite n.º119), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59-60) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*
> *SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.*
> *TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 403.440,72 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación n.º 2310.226.09.02 ("Vigo, cidade amiga dos maiores") dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):*
> *LOTE I:*
> *• 2023: 161.427,36 €*
> *• 2024: 161.427,36 €*
> *LOTE II:*
> *• 2023: 23.353 €*
> *• 2024: 23.353 €*
> *LOTE III:*
> *• 2023: 16.940 €*
> *• 2024: 16.940 €*
> *CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

> *"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) na seguinte orde:*

| | ***Licitadores*** | ***Baixa en %*** |
|---|---|---|
| ***1*** | ***AUTOS GONZALEZ, S.L.*** | ***15,40 %*** |

| | | |
|---|---|---|
| 2 | *EMPRESA VIUDA DE J. DOMINGUEZ, S.L.* | *3,16 %* |
| 3 | *AUTOCARES IGLESIAS, S.L.* | *3,00 %* |
| 4 | *AUTOMÓVILES DE TUY, S.A.* | *2,60 %* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS GONZALEZ, S.L., o día 6 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 16 de febreiro de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AUTOS GONZALEZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUTOS GONZALEZ, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 1 de febreiro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) por un prezo máximo do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.080,00 euros e cunha porcentaxe de desconto do 15,40 % a aplicar ao prezo unitario (sen IVE) de prezo quilómetro previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 7(143).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COA CIDADE DE LONDRES (ANOS 2023-2025). EXPTE. 8283/104.

Visto o informe de fiscalización do 24/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 23/02/2023.

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da

súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 24 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COA CIDADE DE LONDRES (ANOS 2023-2025)*
*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 10/11/2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 16/11/2022.*
*Terceiro:Autorizar a tramitación de este expediente como anticipado de gasto de acordo co previsto no artigo 117.2 da LCSP e na Base de Execución do Orzamento Xeral Municipal Nº 29.*
*Cuarto: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 1.869.450,00€ con IVE, sendo o IVE 324.450,00€.*
*O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.2279902 "PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINO RUTAS AÉREAS" do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2023, 2024 e 2025. Co seguinte desglose de anualidades:*

| *ANUALIDADES* | *IMPORTE (SEN IVE)* | *IMPORTE (CON IVE)* |
|---|---|---|
| *ANO 2023* | *515.000,00€* | *623.150,00€* |
| *ANO 2024* | *515.000,00€* | *623.150,00€* |
| *ANO 2025* | *515.000,00€* | *623.150,00€* |
| *Total Orz. Licit.* | *1.545.000,00€* | *1.869.450,00€* |

*Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104) na seguinte orde descendente:*

| | NOME DA EMPRESA | TOTAL PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| *1* | *RYANAIR DAC* | ***91,5 puntos*** |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR DAC (N0072244G), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR DAC, o día 23 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de febreiro de 2023, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao devandito licitador para que puidesen emendar a documentación presentada e, este, durante o prazo concedido a documentación en data 17 de febreiro de 2023.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RYANAIR DAC, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RYANAIR DAC, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 10 de xaneiro de 2023 e 16 de xaneiro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a RYANAIR DAC (N0072244G) o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 1.815.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 315.000,00 euros.*

b) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa cidade de LONDRES que non están comercializadas na data de publicación do anuncio de licitación:*
   - *19.700 prazas para o ano 2023.*
   - *25.400 prazas para o ano 2024.*
   - *27.000 prazas para o ano 2025.*

c) *Propón un incremento do número de frecuencias aéreas semanais sobre o mínimo establecido na terceira anualidade do contrato:*
   - *3 frecuencias na temporada de inverno.*
   - *3 frecuencias na temporada verán.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(144).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO. EXPTE. 6871/241.**

Visto o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2023, asinado pola xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e a letrada xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de mobiliario urbano (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro de mobiliario urbano (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 17 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro de mobiliario urbano do concello de Vigo.

**Segundo.-** A XGL, na sesión ordinaria do 16 de setembro de 2021, acordou adxudicar a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L., os lotes 1 e 2 e a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. o lote 3, do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (expediente nº 48950-446).

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o 15 de outubro de 2021 para os lotes 1 e 2 e comezou a súa execución ao día seguinte.

**Cuarto.-** O prazo do contrato, segundo a cláusula 4.A da FEC do PCAP é de 2 anos e 6 meses. Se ben se prevé a redución deste prazo se o contrato se formalizase con posterioridade a data prevista para o inicio do contrato, 1 de xullo de 2021, como é o caso, pois o contrato rematará necesariamente o 31 de decembro de 2023. Ten prevista unha prórroga dun ano de duración.

O contrato deu comezo ao día seguinte da última sinatura dixital do mesmo, o día 16 de outubro de 2021.

**Quinto.-** En data 3 de novembro de 2022, D. Fernando Gutiérrez García, en representación de GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello no que expón:

> “En relación al contrato arriba referenciado comentarles que durante el primer año de contrato hemos hecho un esfuerzo considerable para poder suministrar en plazo y forma el mobiliario urbano que se nos ha requerido asumiendo el incremento de precios sin precedentes que hemos sufrido de materias primas durante el 2021 vendiendo el mobiliario a perdidas, por lo tanto:
> SOLICITAMOS una de las siguientes propuestas:
>
> > 1. Una revisión excepcional de precios para poder continuar el contrato debido al brutal incremento de precios de materias primas como son los derivados del plástico, madera y hierro que son las materias primas del mobiliario urbano que nos ocupa.
> > 2. Una rescisión del contrato de forma pactada por ambas partes teniendo en cuenta que GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL ha actuado desde la transparencia y la buena Fe cuando se estudió el contrato ya que la coyuntura económica mundial del mercado era totalmente otra”.

Esta petición é reiterada en escrito de 12 de decembro de 2022.

**Sexto.-** Con data do 1 de febreiro de 2023 o Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns solicita do servizo de Contratación a formulación de proposta de resolución de mutuo acordo deste contrato por mor do encarecemento das materias primas.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**
**Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato típico de subministro.

**–II–**

**Da resolución**

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da

regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

> *"1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de subministros nos artigos 306 e 307 de devandita Lei.*
>
> *2.- Serán causas de resolución:*
>
> *a) O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.*
>
> *b) O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.*
>
> *c) O incumprimento do código ético recollido na cláusula 19.1 deste prego durante a execución do contrato.*
>
> *3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.F das FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirlle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 37.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.*
>
> *4.- O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.1 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, e será causa de resolución do contrato.*
>
> *5.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato".*

O apartado 16.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 306 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as especificas do contrato de subministros respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.

b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

c) **O mutuo acordo entre a Administración e o contratista**.

d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.

f) O incumprimento da obriga principal do contrato, e das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato. En concreto, no que nos ocupa, o PCAP consigna na cláusula 22 as seguintes:
   - A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
   - Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
   - O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.

g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.

h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.

i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as contratos de subministros (artigo 306 da LCSP):

j) A desistencia antes do inicio do subministro ou a suspensión do inicio do subministro por causa imputable a Administración por prazo superior a catro meses  a partir da data sinalada no contrato para a entrega salvo que no prego se sinale outro menor.

k) A desistencia unha vez iniciada a execución do subministro ou a suspensión do subministro por prazo superior a oito meses acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor.

Concello de Vigo

No caso que nos ocupa, o contratista solicita ou a revisión de prezos ou, subsidiariamente, si ilo non fora posible, a resolución do contrato de mutuo acordo. O certo é que o prego que regula este contrato non prevé a revisión de prezos por canto a lei veda a revisión de prezos aos contratos de subministros no artigo 103, con excepción do subministro de fabricación e o de enerxía eléctrica. Dispón o artigo 103.2 da LCSP que "*Previa justificación en el expediente y de conformidad con lo previsto en el Real Decreto al que se refieren los artículos 4 y 5 de la Ley 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española, la revisión periódica y predeterminada de precios solo se podrá llevar a cabo en los contratos de obra, en los contratos de suministros de fabricación de armamento y equipamiento de las Administraciones Públicas, en los contratos de suministro de energía y en aquellos otros contratos en los que el período de recuperación de la inversión sea igual o superior a cinco años*".

Globalia, en escrito de 12 de decembro de 2022, axunta cadro no que se pode apreciar a diferencia entre os prezos actuais e os previstos no contrato:

| MODELO | PRECIO PROYECTO | PRECIO PROVEEDOR |
|---|---|---|
| Banco de madeira tropical ... | 156,86€ | 215,00€ |
| Papeleira en polietileno inxectado de alta densidade ... | 62,40€ | 95,90€ |

E acompaña ao seu escrito presupostos dos seus provedores que avalan este extremo.

A solicitude de resolución de mutuo acordo é avalada polo responsable do contrato, o xefe do Servizo de Montes, parques e xardíns, que informa o 1 de febreiro de 2023, o seguinte:

> *"O técnico que subscribe informa que, consultados os prezos de mercado a data actual, constátase que como consecuencia da situación económica internacional incrementáronse considerablemente. Este incremento nas materias primas que constitúen os elementos ofertados é totalmente desproporcionado e non era previsible no momento da adxudicación do contrato, polo que os prezos existentes no contrato vixente están por debaixo dos prezos de mercado.*
>
> *Dado que o Servizo de Montes, Parques e Xardíns necesita con carácter urxente dispoñer deste mobiliario urbano para atender as necesidades dos*

*administrados e usuarios do mobiliario da cidade, sendo unha razón de interese público tratar de garantir a prestación do servizo de forma satisfactoria, e dado que o adxudicatario non se ve capacitado para subministrar o produto polas condicións expostas, dende este Servizo proponse que se rescinda o contrato de mutuo acordo para poder iniciar outro procedemento de licitación á maior brevidade posible.*

*Ante o exposto, e considerando os motivos alegados pola empresa para non realizar o subministro, solicítase ao Servizo de Contratación que, de conformidade co establecido no artigo 213 da LCSP, que se inicie a tramitación do procedemento para a resolución do contrato".*

Así, tendo en conta que o contratista solicitou, en escritos de 3 de novembro e 12 de decembro de 2022 a resolución de mutuo acordo do contrato e que o responsable do contrato manifesta a súa conformidade en informe de 1 de febreiro de 2023, procede incoar expediente para a resolución do contrato de mutuo acordo a tramitación da resolución proposta propoñendo que non procede recoñecer compensación económica a ningunha das partes.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado c) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 211.c da LCSP: "O mutuo acordo entre a Administración e o contratista". Para aplicar esta causa de resolución a lei esixe dous requisitos:

- Que non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista.
- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos:

1.- Que non concorra causa de resolución imputable ao contratista

Como se pode colixir, tanto do escrito do contratista como do informe do servizo xestor non concorre ningunha causa de resolución imputable ao contratista.

A subida das materias primas necesarias para a fabricación do mobiliario urbano, sinaladamente os derivados do plástico, madeira e ferro implican o incremento dos custes do contratista.

Este incremento do prezo das materias primas é froito da inestabilidade internacional do mercado de materias primas por mor da guerra en Ucrania, causa imprevisible no momento de celebrar o contrato.

A variación do prezo das materias primas é corroborada polo responsable do contrato que informa que "*consultados os prezos de mercado a data actual, constátase que como consecuencia da situación económica internacional incrementáronse considerablemente. Este incremento nas materias primas que constitúen os elementos ofertados é totalmente desproporcionado e non era previsible no momento da adxudicación do contrato, polo que os prezos existentes no contrato vixente están por debaixo dos prezos de mercado*".

2.- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato

Do citado informe dedúcese tamén que é de interese público resolver este contrato, por canto a concorrencia de causas imprevisibles motivaron un incremento dos custes que fan o contrato antieconómico para o contratista. Ilo podería carrexar graves consecuencias económicas para o contratista que puideran incluso facer perigar a subsistencia da súa empresa. Así o manifesta no escrito de 12 de decembro ao dicir "*El suministro de este mobiliario urbano con las condiciones económicas actuales pondría gravemente en peligro la estabilidad económica de Globalia Urbanismo Integral*" (punto 4).

É un principio tradicional na nosa lexislación de contratos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista positivizado no artigo 197 da LCSP. No entanto, existe unha consolidada doutrina xurisprudencial e dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación deste principio, sobre todo nos contratos de longa duración. A describe o Dictame do Consejo Consultivo de Aragón

nº 52/2013, de 30 de abril de 2013, "*por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la "Cláusula Rebus Sic Stantibus" (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiendo que todo contrato, fundamentalmente los de larga duración, aun cuando no se diga expresamente, contiene una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivados de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur)*". Nesta liña ten dito o TS que manter o equilibrio económico "*es además una exigencia de lealtad y buena fe que debe inspirar con especial intensidad las relaciones de colaboración entre la administración y el concesionario*" (sentenza de 2 de decembro de 1988). En aplicación destes postulados, podemos concluír que non resulta conforme a boa fe manter a execución do contrato sabendo que nun contexto de crise económica como o actual, ilo podería carrexar graves consecuencias económicas para o contratista que puideran incluso facer perigar a subsistencia da súa empresa.

Á vista do exposto, podemos concluír que, é preciso proceder a resolución deste contrato. Deste xeito é posible iniciar un expediente de contratación para adxudicar un novo contrato que garanta a subministración do mobiliario urbano.

**–III–**

**Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A estes requisitos é preciso engadir, consonte ao previsto no artigo 114.3 TRRL:

- Fiscalización pola Intervención Xeral

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contraditorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Examinaremos a concorrencia dos citados requisitos:

1.- Audiencia ao contratista

Consta no expediente a conformidade do contratista, en escrito de 3 de novembro de 2022 solicita a resolución, polo que non é necesario evacuar un novo trámite de audiencia.

2.- Audiencia ao avalista ou asegurador

Non procede por canto non se propón a incautación da garantía.

3. e 4.- Informe da Asesoría xurídica e Fiscalización pola Intervención

Deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

5.- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma

Dado que consta a conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

No presente caso, dado que non se recoñecen compensacións económicas a ningunha das partes non é precisa a liquidación do contrato.

**-IV-**

**Dos efectos da resolución**

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

Con respecto á resolución de mutuo acordo, o seu apartado primeiro se limita a prever que os dereitos das partes axustaranse ao validamente estipulado por elas. No caso que nos ocupa, non procede que as partes se restitúan o recibido con ocasión do contrato, nin procede aboamento nin indemnización ningún.

**–V–**

## Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferencia das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

**–VI–**

## Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

**–VII–**

## Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"1º.- Resolver os lotes 1 e 2 do contrato de subministro de mobiliario urbano (Expediente 48950-446) adxudicado pola Xunta de Goberno local a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L., na sesión do 16 de setembro de 2021, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.*
>
> *2º.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil de contratante".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(145).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO DE 3º DA ESO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS, NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2023). EXPTE. 44937/332.**
Visto o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado polo técnico medio de actividades culturais, a xefa do servizo de Educación e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 02 de setembro de 2021, adoptou o acordo de adxudicar a "Newlink Education, S.L" (B-22210843), o procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School "VIGO EN INGLES" (expte. 25031-332) por un prezo total de 4.440.000.-€ que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo "Aulas Internacionais"); de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xuño de 2021 e a oferta presentada.
O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse dixitalmente entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 25/Setembro/2021, entrando en vigor a partir do 1 de novembro de 2021.

Dende hai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), tras a modificación introducida pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE publicada no BOE N.º 340 do 30/12/2020), recolle nos artigos 25 e 26 nos principios pedagóxicos para 4º da ESO, que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizarase a comprensión e expresión oral. Por outra banda, o artigo 8 "cooperación entre administracións" da LOE, recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito

das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS 2023), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

En todo caso, e tendo en conta antecedentes provocados pola pandemia sanitaria da Covid-19, se concurreran circunstancias sanitarias ou doutro tipo, e así o aconsellasen, o Concello de Vigo podería decidir cancelar ou pospoñer esta edición do programa educativo “Vigo en Inglés 2023”, atendendo ás condicións de seguridade e saúde do alumnado participante.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia, estas estadías lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o equipo de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso e seguindo instrucións do Concelleiro de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en perio-

do lectivo “ VIGO EN INGLÉS 2023” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

Polo tanto, no marco do segundo ano do contrato en vigor do programa municipal “VIGO EN INGLÉS 2023” (expte. 25031-332), implica convocar unha oferta dun máximo de 925 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; nun proceso selectivo que outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no programa VIGO EN INGLÉS 2023, fronte ao alumnado da rede privada-concertada. Por elo se asigna un 55% de prazas á rede pública (509 prazas) , e un 45% de prazas á rede privada-concertada (416 prazas); todo elo tendo en conta similares porcentaxes de prazas adxudicadas nas pasadas edicións do programa Vigo en Inglés.

Consonte ao antedito, as 925 prazas, serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, desglosadas nun máximo dun 55% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo dun 45% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados.

A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra banda, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: Un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2023) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadías de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingüe e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2023, implica a prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L.”,

especializada no desenvolvemento de programas de inmersión lingüística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión lingüística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso de convocatoria que son obxecto do presente expediente.

No Prego de condicións técnicas para a contratación do programa VIGO EN INGLÉS 2023, se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria específica para ordenar e regular a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; de conformidade con isto é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2023, cómpre desenvolver a "Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2023) dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos", cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión lingüística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Por elo, con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal "Vigo en Inglés 2023" deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2023) dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos".

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 1500 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo académico do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2023 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar do prezo público que se determina nas bases desta convocatoria.

A Ordenanza Fiscal nº 42 Reguladora dos prezos públicos pola participación en programas municipais de carácter voluntario, que se inclúe nas "Ordenanzas de Tributos e Prezos

Públicos 2023 do Concello de Vigo", textualmente indica que: "Teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas tasas do Concello. As restantes contías determinaranse, en cada convocatoria segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa".

A intervención Xeral en informe de 08/11/2021 emitido no expediente 20507-332 sobre as "Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no Programa Municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2021-2022" sinala que, *"Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa",* polo tanto inda que o expte. obxecto do presente informe non produce obrigas de contido económico, remitese á intervención xeral municipal para a emisión de informe.

Consonte á aprobación do 2º ano deste contrato vixente, o importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 2.220.000.-€, e será aplicado con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais dos orzamentos municipais de 2023.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecida no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2023) , de acordo co texto que se achega".

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2023) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

**Primeiro.- Obxecto**

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 925 prazas en réxime de concorrencia competitiva, segundo

contrato en vigor do expte. Administrativo 25031/332 para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2023”.

A presente convocatoria ten como destinatarios/as ao alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica para poder participar no programa municipal “Vigo en Inglés 2023”; estando desglosada esta oferta en réxime de concorrencia competitiva, nun máximo dun 55% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo dun 45% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS 2023 é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.

2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.

3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).

4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda.

5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.

6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.

8.- Aloxamento en casa de familias anfitrioas de fala inglesa.

9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.

10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.

11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

**Segundo.- Contía**

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto noveno desta convocatoria.

Igualmente a participación no programa e o desfrute destas axudas é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos durante o ano 2023, como as de competencia lingüística da Xunta de Galicia e similares que puidera ofertar calquera outra administración pública. O Concello de Vigo revisará de oficio as listaxes publicadas co fin de comprobar que o/a alumno/a seleccionado/a non figura como beneficiario/a noutras listaxes. No caso de figurar en máis de unha, terá que escoller cal desfruta.

O custe de cada praza é de 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2023, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa adxudicataria "NEW LINK EDUCATION S.L." que posúe a debida cualificación e está especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, e contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O Concello de Vigo, tendo en conta os antecedentes provocados pola pandemia sanitaria da Covid-19, se concurreran circunstancias sanitarias ou doutro tipo, e así o aconsellasen; podería decidir cancelar ou pospoñer esta edición do programa educativo "Vigo en Inglés 2023", atendendo ás condicións de seguridade e saúde do alumnado participante, que permitan a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro.

**Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2023**

Os contidos do programa municipal de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2023 atópanse a disposición dos/as interesados/as nas páxinas web do programa:

**https://escolas.vigo.org/vigoeningles**

**https://www.vigoeningles.org/convocatoria**

Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

***1.*** **Adxudicatarios e requisitos**

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

1.- Estar a cursar 3º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2022-2023.

2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

4.- Estar empadroado/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2022, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

5.- Non ter concedida, no ano 2023, outra axuda coa mesma finalidade.

6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia e pasaporte en vigor (éste último necesario pola esixencia documental dende o Brexit).

7,- Ter presentado a solicitude nos prazos estipulados.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos/as alumnos/as.

As 925 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo dun 55% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo dun 45% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas, en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.

***2.* Número de prazas e destinos**

O programa consta de 925 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo trinta e sete destinos e máximo sesenta e sete centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, a cuestións internas de índole organizativa.

***3.* Duración da estadía**

O programa, de tres semanas de duración, realizarase preferentemente entre a segunda quincena de setembro de 2023 e ao longo do mes de outubro de 2023. Con todo, o calendario definitivo comunicarase ao alumnado beneficiario, a través da empresa adxudicataria "New Link Education S.L." polos medios que corresponda.

***4.* Programa lectivo**

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2023 que estiveron integrados neste.

***5.*** **Programa de actividades extraescolares e de lecer**

O programa lectivo comprende a asistencia ao High School de luns a venres, dous destes días a xornada completa, mañán e tarde e o resto ata a hora do almorzo; así mesmo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo durante 3 tardes á semana, agás sábados e domingos, que haberá alomenos unha excursión de día completo. Ás actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

***6.*** **Viaxe e desprazamentos**

O aeroporto inicial de saída e chegada final será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes, As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

***7.*** **Información e asistencia a participantes e familias**

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, con antelación suficiente ao inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

**Cuarto.- Publicidade e prazo**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario local impreso de maior tirada.

Toda a información da presente convocatoria, así como o periodo do prazo de presentación de solicitudes, publicarase nas páxinas web do programa: https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria e mediante anuncios na web municipal, difusión a través dos medios de comunicación locais (prensa, radio ...) e coa remisión de soporte documental divulgativo do programa aos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos. A concellería de Educación remitirá aos centros docentes da cidade, tanto en formato electrónico como físico, toda a información relativa ao procedemento de solicitude para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

A resolución e a finalidade das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada nas páxinas web específicas do programa referidas con anterioridade.

**Quinto.- Solicitudes e documentación**

**Solicitudes:**

Para iniciar o proceso de presentación de solicitude durante o prazo habilitado ao efecto, os interesados deberán cumplimentar o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible nas páxinas https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria. Unha vez cuberto este formulario, se gravarán os datos na aplicación en liña, o que permitirá ao interesado/a elixir posteriormente entre a presentación telemática a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial a través da oficina de rexistro.

Unha vez cuberto en liña o formulario, é requisito imprescindible asinalo e rexistralo por algunha das seguintes vías:

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria, terá que entrar no rexistro xeral na sede electrónica do Concello de Vigo, (vigo.org/solicitude-vigoeningles) e premer o botón "tramitar por internet" onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace “https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma”.

  Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web https://escolas.vigo.org/vigoeningles e/ou https://www.vigoeningles.org/convocatoria , deberáse obligatoriamente imprimir e asinar polo pai e nai, titor/a legal, outros/as o documento resultante (Formulario de Solicitude) e, acompañado da documentación requerida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 hrs. (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web “citaprevia.vigo.org”), ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
  No caso de que a solicitude sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o/a funcionario/a da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.

É imprescindible que o formulario de Solicitude vaia asinado polo/a pai e nai ou titor/a legal, outros/as, o que poderá facerse manual ou dixitalmente.

Segundo o recollido na cláusula 15ª desta convocatoria, a presentación da solicitude desta praza levará a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal, e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación.

**Documentación:**

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitude, na sede electrónica ou ben presentar físicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro. No caso de divorcio ou separación legal sen custodia compartida solo deben figurar no

formulario de solicitude  os datos daquel proxenitor que teña atribuída a garda ou custodia do/a menor

As persoas interesadas deberán achegar xunto co formulario de solicitude debidamente asinado, a seguinte documentación:
a) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste estar matriculado en 3º no curso académico 2022-2023 e certificación académica coas notas finais de 2º de ESO.
b)  **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia e, no caso de dispor del,  **pasaporte** (en vigor).
c) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude
d) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar  ou no seu defecto certificado de nacemento e documentación acreditativa da titoría legal.** No caso de non ter libro de famIlia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade famliiar. No suposto de non convivencia de ambos proxenitores, deberase acreditar que o/a solicitante convive cos fillos e/ou fillas.
e) De ser o caso**, acreditación documental das circunstancias  familiares,** tales como: Titulo de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez), **r**esolución xudicial  ou administrativa da tutela ou acollemento...
f) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
g) **Xustificación de ingresos**: **Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.**
h) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico orixinal** que así o acredite.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Non serán tidos en conta nin  valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera intre aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impediran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

**Sexto.- Tramitación e reparación de erros**

A tramitación do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que subsane os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento

Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

**Sétimo.- Criterios de valoración**

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:

| NOTA FINAL INGLÉS 2º ESO | PUNTUACIÓN OUTORGADA |
|---|---|
| Nota final: 7 | 1 punto |
| Notal final: 8 | 2 puntos |
| Nota final: 9 | 3 puntos |
| Nota final: 10 | 4 puntos |

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:

| FAMILIA NUMEROSA | PUNTUACIÓN OUTORGADA |
|---|---|
| Categoría Xeral | 1 punto |
| Categoría Especial | 2 puntos |

**Oitavo.- Determinación de “Unidades Familiares de Convivencia” que poden participar no programa e “consideración de membros da unidade familiar”:**

Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, outras situacións análogas, e tamén os irmáns solteiros e menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar, ou maiores desta idade, no caso de persoas dependentes, cunha discapacidade igual ou superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai ou persoa en situación análoga e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

Terán a consideración de membros da unidade familiar:

- Os/as pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, no seu caso, o titor ou titores do alumnado solicitante.

- Os/as fillos/as menores de idade coa excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as, as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os/as fillos/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos/coas fillos/as que teñan en común.

- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

- Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de unidade familiar monoparental, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis na unidade familiar, sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedido pola administración competente.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedido pola administración competente.

**Noveno.- Determinación de achegas familiares**

A determinación de achegas familiares asignarase segundo os tramos de renda per cápita anual da unidade familiar recollido na seguinte táboa, e para o cálculo da mesma, terase en conta a última Declaración da Renda, da cal se suman as casillas da Base impoñible xeral máis a Base impoñible do aforro e o resultado divídise entre o número de membros que integran a unidade familiar. Esta cifra resultante constitúe a Renda per Cápita Anual.

| TRAMOS RENDA PER CÁPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR | ACHEGA FAMILIAR |
|---|---|
| Ata 6.000,00.-€ | Exento |
| Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€ | 240.-€ (equivale ao 10% custe da praza) |
| Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€ | 360.-€ (equivale ao 15% custe da praza) |
| Maior de 13.001,00.-€ | 600.-€ (equivale ao 25% custe da praza) |

Para os efectos do cómputo das rendas, teranse en conta:

a) As dos pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.

b) As dos proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.

c) As dos/das irmáns/ás do/da solicitante maiores de 16 anos e menores de 25.

d) As da persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercizo, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación acreditativa correspondente.

Ás familias que non autoricen nin aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fora o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 925 prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo dun 55% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo dun 45% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros privados-concertados

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.

**Décimo.- Comisión de valoración**

A Comisión de valoración estará integrada polo Concelleiro Delegado de Educación, que actuará de presidente, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no “Vigo en Inglés 2023”, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de

agarda", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

**Décimo primeira.- Concesión e resolución das prazas**

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluirá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, DNI e puntuación obtida, e resolución das prazas, indicando o estado de: Adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas o Servizo de Educación publicará a relación de adxudicatarios/as na súas páxinas web oficiais "https://escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "https://www.vigoeningles.org/convocatoria", no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

O Servizo Municipal de Educación, mediante o envío dun sms ou correo electrónico, comunicará con antelación suficiente ás familias do alumnado con praza adxudicada a resolución concreta no referente á achega familiar correspondente (exento/a de pago ou con pagamento pola cuantía asignada)

**Décimo segunda.- Aceptacións e renuncias**

As listas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas nas webs do programa "https://www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "https://www.vigoeningles.org/convocatoria". Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo habilitado ao efecto:

- **Exentos de pago-** Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" a aceptación expresa da praza, xerando un formulario de autoliquidación cero.
- **Con achega familiar-** Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" a aceptación expresa da praza, e realizarán o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.

A non xustificación da aceptación da praza mediante a tramitación do formulario de autoliquidacion 0 (para aqueles exentos de pago) ou do ingreso da cantidade indicada (para

aqueles con achega familiar asignada), dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada.

Os beneficiarios/as con pagamento efectuado non terán dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Inda que se teña aceptado a praza ou realizado o pagamento, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña en vigor a documentación necesaria para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.

Con antelación suficiente á data de realización da viaxe, o Servizo Municipal de Educación enviará a cada centro educativo unha relación do alumnado do seu centro participante no programa donde figure nome e apelidos, lugar de inmersión lingüística e datas de ida e volta das viaxes polo que cómpre que aqueles alumnos/as que resulten adxudicatarios/as definitivos e teñan previsto cambiar de centro educativo para o seguinte curso lectivo escolar, comuniquen coa debida antelación esta circunstancia ao servizo municipal de educación, coa finalidade de poder trasladar a información concreta actualizada ao seu novo centro educativo.

**Décimo terceiro.- Expulsión do programa**

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país ao que viaxan en que se desenvolve o programa.

- O incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento das actividades.

- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.

- O consumo ou a posesión de drogas ou substancias ilegais.

- Automedicación sen autorización médica.

- Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.

- Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos onde se desenvolven as actividades.

- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o/a expulsado/a deberá facerse cargo dos gastos da viaxe ocasionados polo seu regreso anticipado, así como de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a

estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, a persoa solicitante asumirá os gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

**Décimo cuarto.- Reclamacións**

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

**Décimo quinto.- Tratamento de datos de carácter persoal**

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o "Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2023".
O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos serán obxecto de cesión á empresa "NEW LINK EDUCATION, S.L.", adxudicataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**Décimo sexto.- Disposición final**

A presentación da solicitude para a participación no programa, implica o coñecemento e a aceptación expresa das presentes bases desta convocatoria, así como de cada unha das resolucións que se adoiten ao longo do desenvolvemento do proceso de selección.

**10(146).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO. EXPTE. 350/613.**

Visto o informe xurídico do 21/02/2023 e o informe de fiscalización do 24/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2023, asinado xefa do servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de xaneiro de 2018, aprobou a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expediente 350/613), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 04/12/2017 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 09/01/2018 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 680.321,64 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 9 de abril de 2018, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, por un prezo total de 549.019,55 euros euros (IVE incluído), de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 17/01/2018 e a oferta presentada.

**3.- Prazos:** O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *“PRAZO DE EXECUCIÓN: 4 anos*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha*

D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 15 de abril de 2018”.*

**4.- Formalización do contrato:** Con data 4 de maio de 2018 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na súa cláusula 4ª que “*O prazo do contrato será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas. A data de comenzo das prestacións será día seguinte ao da data da última sinatura dixital*”.

**5. Primeira prórroga:** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 10 de febreiro de 2022, acordou entre outros: “*Autorizar a prórroga do contrato maior do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expte. 350/613) para o período comprendido entre o 05/05/2022 e o 04/05/2023 (...)*”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 4 de maio de 2023.

**6.- Conformidade coa prórroga:** En consonancia co artigo 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que estabelece que "*poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos e que as prórrogas non superen illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinalmente*", o Servizo de Educación 27 de xaneiro de 2023, require á adxudicataria para que manifeste o seu acordo en continuar a prestación do contrato durante o período de segunda prórroga dende o 5 de maio de 2023 ao 4 de maio de 2024.

En data 30 de xaneiro de 2023, a adxudicataria manifesta o seu acordo coa prórroga proposta segundo as condicións do citado requirimento (documento con número de rexistro 230027781).

**7.- Prestación do servizo:** A prestación do servizo de limpeza e pequeno mantementos das instalacións e dependencias da Escola Municipal de Artes e Oficios por parte da empresa actualmente adxudicataria (Mantelnor Limpiezas SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do estabelecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga (un ano) contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 05/05/2023 e o 04/05/2024.

**8.- Orzamento:** O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 549.019,55 euros, sendo o prezo por anualidade de 137.254,88 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP indícase que non procede a revisión de prezos.

En consecuencia, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 137.254,80 euros, IVE incluído.

Este gasto dividiríase en dúas anualidades: 85.680,24 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (desde o 05/05/2023 ata o 31/12/2023) e 51.574,64 euros con cargo ao exercicio 2024 (desde o 01/01/2024 ata o 04/05/2024) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Gastos limpeza instalacións) dos exercicios 2023 e 2024.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300003269 por importe de 85.680,24 euros, de retención de crédito para a tramitación da segunda prórroga do contrato.

**9.- Competencia**: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos informes da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato maior do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expte.

350/613) para o período comprendido entre o 05/05/2023 e o 04/05/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 137.254,88 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Mantelnor Limpiezas SL, CIF B-15.857.220. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Gastos limpeza instalacións) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 05/05/2023 a 31/12/2023): 85.680,24 euros.

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01/2024 a 04/05/2024): 51.574,64 euros.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(147).- PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2023 (PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2023*).* EXPTE. 29712/332**

Visto o informe de fiscalización do 27/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado pola xefa do servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano 2023. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos centros escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230.212.0000 “Reparación e mantemento edificios colexios”), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio orzamentario. No presente expediente, no período comprendido entre o 01/01/2023 e o 31/12/2023. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no **MANTEMENTO PREVENTIVO** dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

*- A **UTSE** (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) **realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que poidan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control**.*

*- Os Consellos Escolares dos centros educativos **afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN**. Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os Oficiais de Instalacións Municipais..*

*- Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu orzamento do Programa Autoxestión e non poida facer fronte ás actuacións de mantemento que lle corresponderían; neste caso, xustificados todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.*

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarexar as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizada unha ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos***, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da "Guia Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos" (expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2023, o correspondente **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2023**, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu **Anexo I**. A contía global anual ascende a **364.502,00 euros** (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros).
No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de educación infantil e primaria de Vigo.

De resultas do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do importe a transferir este ano 2023 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2022), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **363.280,16 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2023 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal

dispoñible por cada centro educativo (saldo 2022 + financiamento 2023). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestase intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2022, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 50 centros educativos: 6 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 39 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos), 4 centros públicos de educación primaria (6-12 anos) e 1 centro público de educación especial (3-21 anos).

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2022 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2022, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 25 de marzo de 2022 (expte. 25768/332); cómpre indicar que a base terceira deste procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debía ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 50 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2022, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2022". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.
En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

1.- Aprobar o **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2023** (Programa Autoxestión 2023*)*, que se achega ao expediente.
2.- Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2023, destinando para tal fin a cantidade de **363.280,16 euros** da aplicación orzamentaria 3230.212.0000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2023**

**PRIMEIRA.-** Destínase a cantidade de **364.502,00 euros para o ano 2023,** para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos***, editada polo Servizo municipal de Educación (expte. 16026/332), sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

**SEGUNDA.-** Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no **Anexo I**. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2023 aos centros, e conforme ao estabelecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2022), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflicte no **Anexo II**, cun montante total de **363.280,16 euros**. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2022 será a indicada no Anexo I inicial **(364.502,00 euros)**, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2022 + financiamento 2023). A cantidade asignada para o presente ano 2023 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

**TERCEIRA.-** O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.
Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (Relación de facturas), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente Certificación do acordo do Consello Escolar. No caso de que o importe xustificado fose inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo período. Se o centro educativo non participase no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a achega municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao Programa Municipal de Autoxestión, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.
A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra “Factura”, co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.

• Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos unicipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser **obrigatoriamente** deste formato:

| Data factura | Nº factura | Provedor | NIF provedor | Concepto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presencia do representante municipal no Consello Escolar, reunirase previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

**CUARTA.-** As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos (expte. 16026/332).*** Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

**QUINTA.- Prohíbese** expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a **realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación**, así como aquelas **reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento)** e as que poidan supoñer ponteo, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. No entanto, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámpadas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuación simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, así mesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

**SEXTA.-** Dada as diferenzas que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estritamente o uso das

cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

**SÉTIMA.-** Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

*Estado xeral do centro (criterio da UTSE):*
- *estado xeral bo (superior á media): ........................... 2 puntos*
- *estado xeral regular (media): .................................... 5 puntos*
- *estado xeral malo (inferior á media): ....................... 10 puntos*

*Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):*
- *entre 11 e 50: .......................................................... 2 puntos*
- *entre 51 e 150: ........................................................ 5 puntos*
- *máis de 150: .......................................................... 10 puntos*

*Superficie edificada* ($m^2$)*:*
- *entre 50 e 500: ....................................................... 10 puntos*
- *entre 501 e 1500: .................................................... 15 puntos*
- *entre 1501 e 2500: .................................................. 20 puntos*
- *entre 2501 e 4000: ................................................. 25 puntos*
- *entre 4001 e 5500: .................................................. 30 puntos*
- *máis de 5500: .........................................................35 puntos*

*Superficie terreos* ($m^2$)*:*
- *entre 50 e 1000: ...................................................... 10 puntos*
- *entre 1001 e 3000: .................................................. 15 puntos*
- *entre 3001 e 6000: .................................................. 20 puntos*
- *entre 6001 e 9000: .................................................. 25 puntos*
- *máis de 9000: .......................................................... 30 puntos*

**OITAVA**.- O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.

**NOVENA.-** O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

**DÉCIMA.-** Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O Servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (***Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo*** -de aprobación anual-, e ***Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos***).

## 12(148).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS". EXPTE. 23910/332.

Visto o informe xurídico do 24/02/2023 e o informe de fiscalización do 27/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2023, asinado pola xefa do servizo de

Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de xaneiro de 2020, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de "Educación Básica de Persoas Adultas" (expediente 23910/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 19/11/2019 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/12/2019 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 75.100,00 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local na sesión de 30 de abril de 2020 acordou adxudicar á ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas, coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 74.852,00 euros (exento de IVE).

- Comprométese á impartición dunha actividade complementaria de carácter mensual dentro do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 7.2.b do PPT.

- Comprométese á impartición dunha actividade extraescolar mensual fóra do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 7.2.b. do PPT.

- Comprométese á impartición dun curso anual específico de formación de persoal, de duración igual ou maior de 10 horas, de conformidade co contemplado no punto 7.2.d do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

**3.- Prazos:** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan estabelecido.*

*2.- (...)"*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP estabelece respecto ao prazo de execución :

*A) PRAZO TOTAL: dous cursos lectivos.*

*B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*

*C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, dúas prórrogas coa duración do curso lectivo (outubro a maio).*

*D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 1 de outubro de 2020.".*

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 18 de xuño de 2020 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, estabelecéndose na cláusula 4ª do

mesmo que "*O prazo do contrato é de 2 cursos (outubro a maio), contado a partir do día seguinte á última sinatura dixital do mesmo. Contémplanse dúas prórrogas coa duración do curso lectivo*".

**5.- Prórroga do contrato:** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 03/03/2022 acordou "*1o.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas (expte. 23910/332) para o período comprendido entre o 01/10/2022 e o 31/05/2023 (...)*". En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de maio de 2023.

**6.- Preaviso da prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP estabelece que "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses*."

En data 13 de febreiro de 2023, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un curso para o contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas, conforme ao estipulado no mesmo. Na mesma data, a adxudicataria manifesta a súa conformidade á segunda prórroga do contrato.

**7.- Prestación do servizo:** A prestación dos dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas por parte da entidade actualmente adxudicataria (Asociación Mulleres Progresistas) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do estabelecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un curso contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/10/2023 e o 31/05/2024.

**8.- Orzamento:** O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 74.852,00 euros, sendo o prezo por anualidade de 37.426,00 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato quedaría fixado en 37.426,00 euros, exenta de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 14.034,75 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de outubro a decembro) e 23.391,25 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a maio) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9916 (Programa Educación Básica Persoas Adultas) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300004128, por importe de 14.034,75 euros, de retención de crédito para a tramitación da segunda prórroga do contrato.

**9.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas (expte. 23910/332) para o período comprendido entre o 01/10/2023 e o 31/05/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 37.426,00 euros correspondente a esta prórroga, a favor da Asociación Mulleres Progresistas, CIF G-36.657.336. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9916 (Programa Educación Básica Persoas Adultas), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/10 a 31/12): 14.034,75 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01 a 31/05): 23.391,25 euros.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(149).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ DURANTE O ANO 2023. EXPTE. 12013/224.**

Visto o informe xurídico do 20/02/2023 e o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade , a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impóñenlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.
O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), establece que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.
O artigo 27 da LBRL faculta ás Comunidades Autónomas para delegar nos concellos o exercicio de competencias da súa titularidade, citándose expresamente no apartado 3.c) a

“Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.
Como normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre indicar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.
Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome de “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.
Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.
As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.
Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da Administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa contribuír ao financiamento dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*.
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*.
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*.
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*.

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2023* que a entidade presentou ao Concello e que se incorpora como anexo neste expediente.
A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.
Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
Nos pactos que regulan a presente subvención nominativa non se establece a obriga de xustificar a axuda concedida coa acreditación do pagamento dos xustificantes de gastos. Esto ven motivado pola insuficiente capacidade económica da entidade non lucrativa de carácter social beneficiaria da axuda. Tal e como se establece no artigo 31. 2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 29.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia permítese a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.
O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.
Asemade, o orzamento aprobado para o Concello de Vigo para o exercicio 2023, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 € a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Por isto, e previos os preceptivos informes da Asesora Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

“1º. Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre a *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* e o Concello de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o período do 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023.

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00 € (trinta mil trescentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria *2311 4890004 Convenio coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e ao artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

4º. Aprobar o texto que de seguido se di:

“Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil vinte e tres

**REUNIDAS**

Dunha parte, Dª Eugenia Dolores Blanco Iglesias, na súa condición de concelleira-delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019, modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias, e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os delegadas/os de Área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021, asistida pola secretaria de Goberno Local, Dª Susana Gallardo Fariña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra parte, Dª María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF n.º G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, núm. 12, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 12013/224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.** Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da Rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede municipal de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal

e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.
Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.
**III.** Que o Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2023, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.
**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*.
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*.
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*.
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*.

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2023*, que se incorpora como anexo neste expediente.
**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento que se incorpora ao expediente deste convenio.
**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que, para a cidade de Vigo, representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e a dita Asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

### PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nos labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, na formación continua das voluntarias da Rede que realizan os ditos acompañamentos así como nas xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2022 ata o mes de outubro de 2023, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*.
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*.
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*.
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*.

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2023*, que se incorpora como anexo neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

**SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar as mulleres voluntarias da entidade daqueles mecanismos sociais de apoio ás vítimas para acompañar os casos de mulleres en situación de violencia de xénero, especialmente, o colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), a ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc. Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Derivar ao *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero, a todas as mulleres que, sendo beneficiarias dalgún programa desenvolvido pola Rede de Mulleres contra os Malos Tratos (acompañamento, actividades de formación, consultas *online*, actos, etc.), estean en situación de violencia de xénero.
3. Comunicar á Concellería de Igualdade, con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE, enderezo e teléfono/s de contacto.
   Calquera dato de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste convenio non poderá ser obxecto de uso particular, nin de cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade beneficiaria debe obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollerse previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste convenio. Esa autorización firmada deberá indicar o uso que se vai facer deses datos, así como que serán cedidos exclusivamente á Concellería

de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá cumprirse a normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

4. A entidade beneficiaria Rede de Mulleres veciñais contra os Malos Tratos asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, principalmente, no referente aos datos especialmente protexidos e ao recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso das vítimas de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres.
5. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.
6. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.
   É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no *Programa de actividades 2023* que presentou ao convenio, incluída a páxina web, blog e redes sociais propias. Asemade, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presencia de medios.
   Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado no pacto oitavo *Publicidade.*
7. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin. Incluiranse os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do seu programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres vítimas de violencia de xénero).
8. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
9. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade das persoas que traballen ou colaboren na Asociación.
10. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma, a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.
11. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
12. As obrigas da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no

artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar a documentación técnica precisa, como a guía de recursos, e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social), a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo unha subvención por importe de 30.300,00 €, co obxecto de coadxuvar no financiamento das actividades da Asociación no ámbito da promoción da igualdade e da intervención contra a violencia de xénero.

**CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

**QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**

1. O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en tres partes:
   a) A primeira, por importe de 9.090,00€, coa firma do presente convenio; anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
   b) A segunda, por importe de 10.605,00€, no mes de xuño, tras a entrega do informe de avaliación das actividades e dos xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
   c) A terceira, por importe de 10.605,00€, no mes de novembro, previa certificación do servizo de Igualdade que acredite o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da Asociación e os xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.
2. Antes de proceder a cada pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencio-

nada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**
A beneficiaria poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 80% do importe da actividade subvencionada.
A entidade non pode concertar con terceiras persoas a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiras persoas as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.
Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

**SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**
Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha Comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira-delegada de Igualdade estará formada, previo nomeamento pola Presidenta, por:

- A presidenta e a coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo
- A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria unha das vogais da Comisión, que se designará para tal fin.

**OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade a este convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.
2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.
   É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este convenio e que se enmarquen no seu programa de actividades incorporado como anexo neste expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará, en lugar visible para o público, un cartel que identifique o Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/a actividade que se está a realizar está financiado/a polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á páxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.
   Asemade, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e

financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presencia de medios.

3. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e na anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).

**NOVENO.- XUSTIFICACIÓN**

1. Prazo: antes do 4 de novembro de 2023, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos. A data límite para presentar a xustificación será, por tanto, o 3 de novembro de 2023.

2. Procedemento: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego de medios electrónicos para presentar a conta xustificativa da subvención outorgada, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por Internet). Requírese identificación e sinatura electrónica, que se farán por calquera dos medios admitidos polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal.
A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cubertos por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministro de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.
Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.
Os documentos que requiran sinatura, asinaranse antes do seu envío a través da sede electrónica.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:
   a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais polo importe subvencionado e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de

37.300,00 € (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto, presentará unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos tal e como se indica no parágrafo anterior, xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán indicar o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a Asociación está exenta de presentar declaración polo IVE. Non será preciso que nos documentos xustificativos dos pagos conste de forma expresa que os pagos foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores das usuarias, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes da Rede, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2023.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen á actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I). Neste documento deberán constar todos os acompañamentos realizados ás mulleres beneficiarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das beneficiarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e pola responsable do programa na entidade beneficiaria, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

Estas fichas entregaranse con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionado, en soporte impreso e dixital, que reflictan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio.

**DÉCIMO.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023 (incluídos) e de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2023 e que forma parte deste convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes, atendendo ao especificado no

orzamento elaborado pola entidade para o ano 2023. Ademais, serán gastos subvencionables os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres vítimas de violencia de xénero).

**DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

**DÉCIMO SEGUNDO.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**
Dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta, e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Serán causas de invalidez as previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
Os datos da entidade beneficiaria da subvención, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de sub-

vencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).
Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; os pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2023; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, na data da súa sinatura dixital."

**ANEXO I: FICHA MENSUAL DAS DESTINATARIAS DA ACCIÓN**

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS E O CONCELLO DE VIGO NO ANO 2023

**RELACIÓN ACREDITATIVA DOS ACOMPAÑAMENTOS MENSUAIS A MULLERES V.V.X.**

| DATOS PERSOAIS DA USUARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NOME | | APELIDOS | | DNI/NIE | |
| TELÉFONOS | | IDADE | ☐ Menor de 25 anos ☐ Entre 25 e 45<br>☐ Entre 46 e 54 ☐ Maior de 54 anos | | |
| **ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS NO MES DE .............................................. DO ANO 2023** | | | | | |

Autorízase a recollida de datos de carácter persoal, así como dos datos dos acompañamentos realizados pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, para que formen parte da memoria xustificativa desta entidade no marco do convenio financiado polo Concello de Vigo para o mantemento da rede de mediadoras que realizan os acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia de xénero no exercicio 2023.

| Nº | DATA DO ACOMPAÑAMENTO | NOME E APELIDOS<br>DA PERSOA QUE REALIZA O ACOMPAÑAMENTO | SINATURA |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |
| **Sinatura da usuaria** | | | |

| | |
|---|---|
| Dona...........................................................<br>con DNI núm. ......................... responsable do programa na entidade, declaro que estes acompañamentos non foron incluídos como obxecto de xustificación noutra subvención ou convenio de colaboración con outras entidades públicas ou privadas.<br>**Sinatura:** | A PRESIDENTA:<br><br>Dona ..........................................................<br><br>DNI núm......................................................<br>**Sinatura:** |

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(150).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2023. EXPTE. 12030/224.**

Visto o informe xurídico do 20/02/2023 e o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc.), constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria e nas súas bases reguladoras.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

En relación á finalidade desta convocatoria, valórase a necesidade de regular o procedemento de concesión das subvencións que o Concello de Vigo ten contempladas no vixente

orzamento, polo cal esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2023. Con tal motivo, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo, a través do servizo de Igualdade, propón a regulación do acceso ás ditas subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 91.000,00 € que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica: 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias  no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

Nas bases reguladoras da presente convocatoria non se establece a obriga de xustificar as axudas concedidas coa acreditación do pagamento dos xustificantes de gastos. Esto ven motivado por unha banda, pola escasa contía das axudas que se conceden ao abeiro desta convocatoria e, por outra banda, pola insuficiente capacidade económica das entidades non lucrativas de carácter social que concorren. Tal e como se establece no artigo 31. 2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 29.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia permítese a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2023; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto,  e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2023 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2023 e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), e que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvención en base ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 91.000,00 € (noventa e un mil euros), que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 *Promoción da igualdade e do deporte feminino* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2023. EXPTE. 12030/224

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero, e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no seu art. 25 que "o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo". O parágrafo 2 do citado artigo dispón que "o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias... o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero*".*

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. O seu artigo 21 establece que "as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto de Administracións Públicas".

O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sinala, no seu artigo 5, como criterio xeral de actuación no ámbito da transversalidade das políticas públicas, o fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, especialmente, con relación ás asociacións e grupos de mulleres.

Para lograr a participación social plena das mulleres a través do seu apoderamento e incrementar a súa presenza nas esferas de decisión e influencia en todos os ámbitos, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 establece como prioridades de actuación: apoiar o apoderamento individual e colectivo das mulleres, impulsar o acceso das mulleres ás esferas de decisión e potenciar o seu liderado, e visibilizar as contribucións das mulleres nos distintos eidos.

Entre as competencias que, en materia de Igualdade, ten delegadas a Concellería de Igualdade atópase a de potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.000,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase conforme os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**BASES**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

I) **Finalidade e período de realización das actividades subvenciona***bles*

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e/ou actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro, se realicen entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de xénero, Atención á diversidade, e Promoción da saúde e o benestar.

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas. Fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural, artístico ou de ocio dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.

9.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de módulos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

**Ámbito territorial**

O ámbito territorial das actividades desenvolvidas polas entidades será o termo municipal de Vigo.

II) **Persoas destinatarias das** *actividades subvencionadas*

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades, poderán incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado I)3.- desta base, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Como norma xeral, non se aceptará ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás que se cumpra cos seguintes criterios:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas

extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do proxecto. Xustificarase mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Só serán subvencionables no caso de que ese persoal sexa encargado da coordinación, sempre que se xustifique a súa necesidade, e co seguinte límite: só se poderá imputar a unha única persoa e como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto. Xustificarase mediante nóminas.

c) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade (agás gastos de alugamento do local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos de coordinación co límite establecido, só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do proxecto subvencionado.

b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a Concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Tal e como se establece no apartado 2 da base oitava, o importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, sen superar a contía de 3.000 € de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refiren as presentes bases, por proxecto subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima da axuda que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 €, agás os casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000 €.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.000,00 euros (noventa e un mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das axudas para este programa non poderá superar o custo da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para os supostos de exceso de financiamento respecto do custo da actividade.

**QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.

c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cas establecidas nas presentes bases.

d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.

b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).

c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

d) Proxectos que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

e) Proxectos que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de subvención noutras Áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

f) Proxectos que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.

g) Proxectos que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

h) Proxectos de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

i) Proxectos que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

j) Proxectos que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

k) Proxectos que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.

l) Proxectos que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.

m) Proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000 €, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión Avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

**SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS**

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e na convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Levar a cabo a súa actividade na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso. Deixar constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento dos seus proxectos, a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Utilizar imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

5.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7.- Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e realización dos programas e actividades que realicen.

8.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de todas as actividades que realicen, así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.

9.- Aboar as taxas, impostos, seguros, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

10.- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellería de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

11.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- **Calidade técnica, coherencia e viabilidade do proxecto**. Ata un máximo de 16 puntos, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

a) Adecuación e eficacia das actividades do proxecto para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula I) da base primeira.

b) A capacidade da entidade de mobilizar a poboación destinataria da acción.

c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.

d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

2.- **Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto**. Ata un máximo de 15 puntos, a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados:

a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio proxecto. Que a totalidade das actividades propostas no proxecto teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.

b) Que o proxecto incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades (IO).

c) Que quede acreditado que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).

d) Que o proxecto estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, colectivo LGTBQI, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres con discapacidade..., ou que o proxecto teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.

e) Que o proxecto teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- **Impacto, sostibilidade e innovación**. Ata un máximo de 10 puntos, a razón de valorar cun máximo de 2,5 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

a) Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.

b) Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior que, polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente pola Concellería de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.

c) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.

d) Colaboración, coordinación e concertación do proxecto presentado con outras entidades sen ánimo de lucro. Esta colaboración acreditarase documentalmente e os puntos distribuiranse do seguinte xeito, tendo en conta que a máxima puntuación que se pode acadar neste subapartado son 2,5 puntos e que d.1) e d.2) son excluíntes:

d.1) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a máxima puntuación (2,5 puntos).

d.2) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto non se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, e trátase de entidades sen ánimo de lucro, obterase a metade da puntuación (1,25 puntos).

4.- **Por recoller o proxecto algún dos seguintes obxectivos e accións**. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o proxecto presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.

2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, da arte, da historia, da ciencia, da tecnoloxía, etc.

3. Elaborar estudos, investigacións, informes, sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.

4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.

5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero, a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.

2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.

3. Pór en valor os traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.

2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.

3. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como a normativa en materia de igualdade.

4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.

2. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.

3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.

4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

F) ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. Favorecer a visibilización e promoción social das mulleres nas que conflúen distintas discriminacións.

2. Contribuír á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

3. Potenciar accións que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas e apoio a colectivos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI).

4. Divulgar a través de estudos, investigacións e traballos técnicos que profunden na realidade que afecta ás persoas LGTBI.

G) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.

2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.

3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.

4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- **Participación no Consello Municipal da Muller**. Ata un máximo de 5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que na data do 1/01/2023 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto

b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos

c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos

d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos

e) Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos

6.- **O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención**, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS**

1.- O importe total máximo destinado a estas subvencións (91.000,00 €) distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos na base sétima.

2.- Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e/ou por proxecto. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os proxectos que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refiren as presentes bases.

No caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, co límite de 3.000 € de contía máxima por proxecto.

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación da convocatoria e das presentes bases pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas presentes bases, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e firma admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados na base primeira. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e firma admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo outorgado. En ningún caso, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo, e proporá a denegación das subvencións solicitadas fóra de prazo ao órgano competente.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación:

a) ANEXO I SOLICITUDE: Solicitude asinada pola/o representante da entidade.

b) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA: Programa de actividades a favor das mulleres para o que se solicita a subvención, asinado pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.

c) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA: Informe desagregado de ingresos e gastos do programa, que debe estar equilibrado e asinado pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será entón minorada na mesma proporción.

d) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE: Declaración responsable asinada pola/o secretaria/o da entidade e pola/o representante acerca de:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (apartado 3).

- Non estar incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo (apartado 5).

e) Memoria das actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2022, e que deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

f) CIF da entidade solicitante.

g) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

h) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de xornadas ou charlas.

i) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do programa. Cando o proxecto incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares), esta acreditación é obrigatoria.

j) Outra documentación opcional, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da colaboración no desenvolvemento do proxecto con outras entidades sen ánimo de lucro.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da Administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE**

Consonte o establecido no artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos nas presentes bases, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día

seguinte á data da notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes

A convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora a Concellería de Igualdade-Concello de Vigo” coa inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima, a Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención de cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira-delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder e denegar as axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contado desde o último día do prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello de Vigo. A resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación da resolución na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexitima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remitiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O Acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-adminis-

trativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias das axudas deben comunicarlle á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia á axuda no prazo máximo de 15 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase aceptada. Xunto coa aceptación, deberán comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización das actividades.
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indicarase aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola Administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN**

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiras persoas a actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

*1.- Prazo de xustificación*

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o **2 de novembro de 2023** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que a xustificación fora defectuosa e/ou incompleta, concederase á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender o requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC, procederase á revogación da subvención concedida e, no seu caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

Conforme establece o artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, "transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan."

De non presentar a xustificación no prazo adicional, perderase o dereito a percibir a subvención.

*2.- Cantidade a xustificar*

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe que non poderá ser inferior á contía da subvención concedi-

da. Ademais, deberá xustificar o custo total final do programa subvencionado mediante unha das seguintes opcións:

a) Certificación que acredite que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de... € (apartado 2 do anexo V Solicitude de pago), ou

b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou

c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

*3.- Sistema de xustificación*

A teor do disposto no art. 81 do Real Decreto 887/2006, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establecen na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na xustificación das subvencións, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) ANEXO V SOLICITUDE DE PAGO, asinado pola/o secretaria/o e pola persoa que ostenta a representación da entidade.

Coa sinatura deste anexo certifícase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o custo total reflectido neste anexo sexa inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social
- Que a entidade está ou non exenta de presentar declaración do IVE.

b) ANEXO VI MEMORIA ECONÓMICA DA AXUDA CONCEDIDA, asinado electronicamente pola/o representante da entidade.

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar a subvención concedida, cuxo importe total non poderá ser inferior á contía da axuda, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número e data, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto e importe.

c) As facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel relacionadas no anexo VI, que deben achegarse asinadas electronicamente polo/a representante da entidade.

As ditas facturas, ordenadas e numeradas seguindo a clasificación do anexo VI, deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

1. Número e, no seu caso, serie
2. Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura
3. Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica que emite a factura
4. Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación
5. Lugar e data de emisión
6. Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención

Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que se está exenta de presentar a declaración do IVE. As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, asinada pola responsable da vogalía da muller da entidade ou, de non existir, pola persoa responsable da entidade, e na que figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación do programa subvencionado
- Breve resumo do programa
- Datas e lugares de realización das actividades
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades subvencionadas que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada unha
- Recursos humanos
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos
- Materiais de difusión empregados
- Nos cursos e xornadas de formación, así como en actividades de ocio e tempo libre, engadirase, ao anterior: programa formativo, número de horas e identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a, cos seus nomes, apelidos e números de teléfono.
- Material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; no caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para material, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Nese caso, achegarase unha mostra do dito material para a súa comprobación pola Concellería de Igualdade.

f) Dúas unidades de calquera material cuxo gasto estea incorporado como gasto directo da axuda concedida que non sexa susceptible de dixitalización, que deberá entregarse presencialmente no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

*4.- Información complementaria*

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

En relación coa xustificación do pagamento do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente a presentación do documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa co programa subvencionado, e imputados ao período comprendido entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023. Non terá por que constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificados.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

A subvención será compatible con calquera axuda concedida por Administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003) .

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente será competencia da concelleira-delegada de Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadamente por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 9 do anexo V).

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e na convocatoria e, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación e a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31. 5 da citada Lei).

Cando o incumprimento consista nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do programa presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou a súa redución na mesma proporción. En todo caso, procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do Acordo de concesión das subvencións e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Nos casos do artigo 33 LSG, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros datos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023 e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2023. EXPTE. 12030/224

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

**PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS**

As bases reguladoras desta convocatoria, tras a súa aprobación mediante Acordo da Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.000,00 euros (noventa e un mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino"* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e/ou por proxecto. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os proxectos que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refire a presente convocatoria.

**TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS**

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e/ou actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en igualdade, Conciliación

e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de xénero, Atención á diversidade, e Promoción da saúde e o benestar.

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas. Fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural, artístico ou de ocio dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.

9.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de módulos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

**CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Como norma xeral, non se aceptará ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás que se cumpra cos seguintes criterios:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a

cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do proxecto. Xustificarase mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Só serán subvencionables no caso de que ese persoal sexa encargado da coordinación, sempre que se xustifique a súa necesidade, e co seguinte límite: só se poderá imputar a unha única persoa e como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto. Xustificarase mediante nóminas.

c) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade (agás gastos de alugamento do local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos de coordinación co límite establecido, só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do proxecto subvencionado.

b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a Concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, sen superar a contía de 3.000 € de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes, por proxecto subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima da axuda que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 €, agás os casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar 3.000 €.

**QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS**

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.

c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cas establecidas na presente convocatoria e nas súas bases reguladoras.

d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.

b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).

c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

d) Proxectos que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

e) Proxectos que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de subvención noutras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

f) Proxectos que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.

g) Proxectos que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

h) Proxectos de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

i) Proxectos que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

j) Proxectos que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

k) Proxectos que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos desta convocatoria.

l) Proxectos que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.

m) Proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima das bases reguladoras desta convocatoria.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000 €, esta convocatoria está incluída nos casos do artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión Avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

**SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación da presente convocatoria e das súas bases reguladoras pola Xunta de Goberno Local.

**SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención de cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira-delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder e denegar as axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contado desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello de Vigo. A resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación da resolución na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexitima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O Acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación  ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

**OITAVA.- FORMA E PRAZO  DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola presente convocatoria e as súas bases reguladoras, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e firma admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**NOVENA.-  SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados na base primeira das bases reguladoras desta convocatoria. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos  normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Para a presentación da solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación:

e) ANEXO I SOLICITUDE: Solicitude asinada pola/o representante da entidade.

f) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA: Programa de actividades a favor das mulleres para o que se solicita a subvención, asinado pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.

g) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA: Informe desagregado de ingresos e gastos do programa, que debe estar equilibrado e asinado pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será entón minorada na mesma proporción.

h) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE: Declaración responsable asinada pola/o secretaria/o da entidade e pola/o representante acerca de:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (apartado 3).
- Non estar incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo (apartado 5).

i) Memoria das actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2022, e que deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

j) CIF da entidade solicitante.

k) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

l) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de xornadas ou charlas.

m) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do programa. Cando o proxecto incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares), esta acreditación é obrigatoria.

n) Outra documentación opcional, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da colaboración no desenvolvemento do proxecto con outras entidades sen ánimo de lucro.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención

## DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta das bases reguladoras, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- **Calidade técnica, coherencia e viabilidade do proxecto**. Ata un máximo de 16 puntos, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

a) Adecuación e eficacia das actividades do proxecto para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula I) da base primeira das bases reguladoras.

b) A capacidade da entidade de mobilizar a poboación destinataria da acción.

c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.

d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

2.- **Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto**. Ata un máximo de 15 puntos, a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados:

a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio proxecto. Que a totalidade das actividades propostas no proxecto teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.

b) Que o proxecto incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades (IO).

c) Que quede acreditado que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).

d) Que o proxecto estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, colectivo LGTBQI, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres con discapacidade..., ou que o proxecto teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.

e) Que o proxecto teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acui-

cultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- **Impacto, sostibilidade e innovación**. Ata un máximo de 10 puntos, a razón de valorar cun máximo de 2,5 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

a) Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.

b) Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior que, polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente pola Concellería de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.

c) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.

d) Colaboración, coordinación e concertación do proxecto presentado con outras entidades sen ánimo de lucro. Esta colaboración acreditarase documentalmente e os puntos distribuiranse do seguinte xeito, tendo en conta que a máxima puntuación que se pode acadar neste subapartado son 2,5 puntos e que d.1) e d.2) son excluíntes:

d.1) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a máxima puntuación (2,5 puntos).

d.2) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto non se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, e trátase de entidades sen ánimo de lucro, obterase a metade da puntuación (1,25 puntos).

4.- **Por recoller o proxecto algún dos seguintes obxectivos e accións**. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o proxecto presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

*A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:*

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.

2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, da arte, da historia, da ciencia, da tecnoloxía, etc.

3. Elaborar estudos, investigacións, informes, sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.

4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.

5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero, a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

*B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:*

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.

2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.

3. Pór en valor os traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

*C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:*

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

*D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN:*

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.

2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.

3. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como a normativa en materia de igualdade.

4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

*E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:*

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.

2. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.

3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.

4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

*F) ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:*

1. Favorecer a visibilización e promoción social das mulleres nas que conflúen distintas discriminacións.

2. Contribuír á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

3. Potenciar accións que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas e apoio a colectivos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI).

4. Divulgar a través de estudos, investigacións e traballos técnicos que profunden na realidade que afecta ás persoas LGTBI.

*G) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:*

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.

2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.

3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.

4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- **Participación no Consello Municipal da Muller**. Ata un máximo de 5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que na data do 1/01/2023 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto

b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos

c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos

d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos

e) Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos

6.- **O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención**, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE**

3.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes

A convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

4.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2023. EXPTE. 12030/224

"De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index)":

**PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS**

As bases reguladoras desta convocatoria, tras a súa aprobación mediante Acordo da Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.000,00 euros (noventa e un mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino"* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e/ou por proxecto. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os proxectos que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refire a presente convocatoria.

**TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS**

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades e/ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023 (ambos incluídos).

**CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, sen superar a contía de 3.000 € de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes, por proxecto subvencionado.

**QUINTA.- BENEFICIARIAS**

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que se establecen na convocatoria e nas súas bases reguladoras.

**SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo de presentación das solicitudes é de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO)

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola convocatoria e as súas bases reguladoras, a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## 15(151).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Ó CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA). EXPTE. 16520/306.

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado polo técnico de administración xeral, o xefe do servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes.**

1.- En data do 15.03.2021, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que en data 10.03.2021, a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina).

Concello de Vigo

En data do 09.04.2021, remitiuse escrito á Fegamp comunicando que o Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.04.2021, estaba interesado en acollerse a este plan polo que a Xunta de Galicia asumiría a realización das actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina no termo municipal de Vigo.

2.- En data do 08.02.2023, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que o pasado 06.02.2023, a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina), indicando que para adherirse debe remitirse o Anexo III debidamente cuberto e asinado antes do vindeiro 06.03.2023.

Indicaban, tamén, que o convenio asinado está publicado para xeral coñecemento na web da fegamp “www.fegamp.gal” no enderezo:

https://fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/2023-conveniovelutina.pdf

**II.- Fundamentos de dereito.**

O convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp o pasado 06.02.2023, ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2023 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos, figurando o Concello de Vigo incluído dende o ano 2020, e debendo adherirse para o ano 2023, en cumprimento do Anexo III do convenio.

As obrigas da Xunta de Galicia concrétanse en:

*“ A administración da comunidade autónoma de galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:*

*1. Potenciar o portal de internet “eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas entidades locais.*

*2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.*

*3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:*

*. Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación httsp://www.controlvelutina.es/ mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.*

*. Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

*Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.*

*. Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos."*

Pola súa banda, as obrigadas das entidades locais adheridas concrétanse en:

*". Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa Velutina, a requirimento da Xunta de Galicia.*

*. Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia.*

*. Permitir a coordinación a través do portal de internet "Eido local" (www.eidolocal.gal)"*

O convenio ten unha duración ata o 30 de decembro de 2023, sen prexuízo das prórrogas que se acorden antes da súa finalización.

Segundo a Resolución do 6 de febreiro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes encargou á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) a execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina).

Indícase, tamén, nesta resolución respecto da financiación: o presuposto de execución ascende a un millón setecentos setenta e catro mil novecentos dezanove euros con noventa e oito céntimos (1.774.919,98 €), que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 06.04141A22742 dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, na que existe crédito idóneo e suficiente.

Polo que respecta ó Concello de Vigo, a adhesión ó convenio non implica gastos de ningún tipo, limitándose a colaboracións con medios propios.

A competencia en materia de animais salvaxes -como é a vespa velutina- e exclusivamente da Xunta de Galicia, non obstante a súa nidificación pode afectar as zonas urbanas ou a

seguridade das persoas onde concorren, tamén, competencias municipais na protección do medio ambiente urbano e seguridade dos cidadáns de conformidade co establecido no artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL.

Tamén, con carácter xeral, considérase de interese xeral o control da vespa velutina para o protección da fauna autóctona e conservación do medio natural.

O convenio de que se trata (a súa adhesión a este) é un convenio de colaboración interadministrativo dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.1. da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas entre sí, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente e seguridade das persoas.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido, polo que se xustifica a conveniencia e oportunidade para a adhesión ó citado convenio.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ó Convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (Vespa Velutina), asinado polas partes en data 06.02.2023.

**SEGUNDO.-** Facultar á concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para a formalización da adhesión cumprimentando o Anexo III do convenio.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

**REUNIDOS**

Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes que en virtude do seu nomeamento por Decreto 60/2022, de 15 de maio, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 117/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-.** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das entidades locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

**Terceiro.-** Que de conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de

veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como "*un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá*." E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

**Cuarto.-** Que a Xunta de Galicia con motivo da problemática xerada polo avance da avespa asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este Programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este Programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o ano 2020, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa velutina foron realizadas, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Con data 24 de febrero de 2020 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

Posteriormente, á vista dos bos resultados acadados, o 10 de marzo do 2021, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp, asinaron un novo convenio co obxecto de establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en tódalas zonas afectadas e acadar unha maior eficacia na retirada e neutralización de niños Vespa velutina ao longo dese ano. Proba da boa acollida desta iniciativa, foi o feito de que non soamente se mantiveron adheridos os 285 concellos do ano 2020, senón que se sumaron 15 mais, polo que a Xunta estivo actuando, a través de Seaga, nun total de 300 concellos, é dicir, o 96% do total.

No ano 2022 renovouse o encargo a Seaga e non soamente se mantiveron adheridos os 300 concellos do ano 2021, senón que se sumaron 6 mais, polo que a Xunta estivo actuando, a través de Seaga, nun total de 306 concellos, é dicir, o 98% do total.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase este convenio para continuar en 2023 coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da entón Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a FEGAMP, incorporando a novos concellos interesados en adherirse ao mesmo.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2023, en base ás seguintes:

## CLAÚSULAS

## CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2023 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

### Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

### Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral tanto das entidades locais xa adheridas no ano 2022 que se relacionan no Anexo I como das novas entidades locais interesadas en adherirse relacionadas no Anexo II coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

As entidades locais dos Anexos I e II deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do Anexo III no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

**Cuarta.- Modificación do convenio**

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Federación Galega de Municipios e Provincias.

**Quinta. Duración do convenio**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

**Sexta. Resolución do convenio.**

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

## CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### Sétima.-Coordinar a execución do programa

A Administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

I. Potenciar o portal de internet "Eido local" (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas entidades locais.

II. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.

III. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:

- Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de *Vespa Velutina* recibidos e rexistrados a través da aplicación httsp://www.controlvelutina.es/ mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.

- Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.

  Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacias de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.

## CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN

### Oitava.- Facilitar a execución do programa

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as entidades locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométense a:

- Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa velutina da Xunta de Galicia.
- Permitir a coordinación a través do portal de internet “Eido local” (www.eidolocal.gal)

## CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP

### Novena.- Informar para facilitar a execución do programa

Coordinarse coa Administración da comunidade autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixilancia e control da Vespa velutina da Xunta de Galicia.

## CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMENTO DO CONVENIO

### Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da FEGAMP**.**

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.

## CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO

### Décimo primeira. Financiamento

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da Vespa velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

## CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

### Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que

se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

**Décimo cuarta.- Publicidade**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data que se consigna na sinatura electrónica.

| | |
|---|---|
| Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes | Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias |
| D. Diego Calvo Pouso | D. Alberto Varela Paz |

**ANEXO I**

**CONCELLOS ADHERIDOS NO ANO 2022 E QUE MANIFESTAN O SEU INTERESE EN CONTINUAR ADHERIDOS NO ANO 2023**

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia, A
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña, A
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras, O
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos, Os
Boborás
Boimorto
Boiro
Bola, A
Bolo, O
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados

Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza, A
Capela, A
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño, O
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo - Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo, O
Coristanco
Cortegada
Coruña, A
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada, A
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada, A
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove, O
Guarda, A
Gudiña, A
Guitiriz
Guntín
Incio, O
Irixo, O
Irixoa
Lalín
Lama, A
Láncara
Laracha, A
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Melide
Melón
Merca, A
Mesía
Mezquita, A
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muiños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves, As
Nigrán
Nogais, As
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ourense
Ourol
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo, O
Pastoriza, A
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar, O
Peroxa, A
Petín
Pino, O
Piñor
Pobra de Trives, A
Pobra do Brollón, A
Pobra do Caramiñal, A
Poio

Pol
Ponteareas
Ponteceso
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova, A
Pontes de García Rodríguez, As
Pontevedra
Porqueira
Porriño, O
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal, O
Rúa, A
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
Sandiás
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sanxenxo
Sarreaus
Sarria
Saviñao, O
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas, As
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira, A
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro, O
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga, A
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo, O
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilardevós
Vilar de Santos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadañedo
Zas

## ANEXO II

## NOVOS CONCELLOS QUE CON CARÁCTER PREVIO A ESTE CONVENIO AMOSAN INTERESE EN ADHERIRSE

Monterrei
Ortigueira
Ponte Caldelas
Vilalba
Ribeira

**ANEXO III**

**PROTOCOLO DE ADHESIÓN**

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

**DECLARA:**

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data ___ de _______de ____ , solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa velutina) e, en consecuencia,

**MANIFESTA:**

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)

**16(152).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO MEDIANTE A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN PARA O CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITOS DE TEIS. EXPTE. 11052/320.**

Visto o informe xurídico do 14/02/2023 e o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2023, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**I.- ANTECEDENTES.**

Primeiro.- Mediante resolución do 13/01/2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de contratación da ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN PARA O CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITOS DE TEIS

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas e conforme do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, en data 13/01/2023.

b) Memoria económica do contrato asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, en data 13/01/2023.

c) Documento contable de retención de crédito de 18/01/2023 (RC núm. operación: 202300005255)

d) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado polo Arquitecto Técnico Aparellador, de data 20/01/2023.

e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 20/01/2023, asinado polo Arquitecto Técnico Aparellador.

f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada polo Arquitecto Técnico Aparellador, xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en data 23/01/2023.

g) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación, de data 26/01/2023.

h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 26/01/2023, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 13 de xaneiro de 2023 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola Arquitecto técnico municipal e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

**Terceiro.**- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorpora o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**Sexto.-** As técnicas que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas, e Orzamentos e Facenda subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11052/320) por procedemento aberto simplificado abreviado do **SUBMINISTRO MEDIANTE A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN PARA O CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITOS DE TEIS**

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 20/01/2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 26/01/2023, que rexerán a contratación do **SUBMINISTRO MEDIANTE A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN PARA O CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITOS DE TEIS.**

3º.- Aprobar o gasto de 56.628,00 € para a contratación do **SUBMINISTRO MEDIANTE A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN PARA O CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITOS DE TEIS,** con cargo á aplicación orzamentaria 9240.6330000 “Climatización CMD Teis” , do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Concello de Vigo

**17(153).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A ELABORACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN OU NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA NOS CENTROS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPEDIENTE 1573/2202.**

Visto o informe xurídico do 15/02/2023 e o informe de fiscalización do 23/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/01/2023, asinado pola técnica de prevención de riscos laborais, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, con data 14/06/2022 as técnicas de Prevención de Riscos Laborais do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emiten informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 24 da Lei 31/95, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e o Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia.

2.-Con data 14/06/2022 a Concelleira delegada da área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal resolve que se inicie o expediente necesario en conformidade coa proposta realizada.

**2.-** Con data 25/01/2023 redáctase a Memoria Económica polas técnicas de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

**3.-** Con data 13/01/2023 emítese certificado de crédito por parte da Intervención Xeral.

**4.-** Con data 17/01/2023, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares polas técnicas de prevención de riscos laborais, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación.

**5.-** Con data de 19/01/2023**,** redáctase a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato polas técncias de prevención de riscos laborais, conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e pola Concelleira delegada da área de Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal .

**6.-** Con data 26/01/2023 o Servizo de Contratación emite informe indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

**5.-** Con posterioridade redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación con data 26/01/2023.

**6.-** O orzamento base de licitación que ascende a 290.208,44 € (IVE incluído), que podería imputarse á aplicación 920.1.2279900 "Plans autoprotección e avaliación, PRL" e bolsa de vinculación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 18/06/2019 e de 20/06/2019 ) aos concelleiros/as-delegados/as de Área.

**Segundo.**- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e consta memoria xustificativa dos termos do contrato: a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato (artigo 112 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Terceiro.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación.

**Cuarto.-** Consta na memoria a xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente, o informe da Asesoría Xurídica Municipal (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e informe preceptivo de fiscalización previa da proposta por parte da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se proceda á emisión e conseguinte incorporación ao expediente electrónico os informes preceptivos indicados, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo consistente na elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (expediente 1573/2202).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 26/01/2023.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por un importe de 290.208,44 € (IVE incluído) de acordo ás seguintes anualidades:

- Ano 2023: 75.724,29 €.
- Ano 2024: 100.965,71 €.
- Ano 2025: 91.449,19 €.
- Ano 2026: 22.069,25 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2279900 "Plans autoprotección e avaliación, PRL" e bolsa de vinculación do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(154).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN TEÓRICA E TEÓRICO-PRÁCTICA EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1383/2202**

Visto o informe xurídico do 14/02/2023 e o informe de fiscalización do 21/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/2023, asinado polas técnicas de prevención de riscos laborais, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 7 de abril de 2022 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de ASPY PREVENCIÓN, S.L. para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión ordinaria de data 10 de marzo de 2022 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 1383/2202).

No apartado 4.C das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares “Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración”

determínase expresamente a posibilidade de catro prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 7 de abril de 2022, e a prestación do servizo comezou ao día seguinte da súa sinatura, co que finaliza o 7 de abril de 2023. O prezo do contrato é de 30.000 € anuais e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que "*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses*". O preaviso ao adxudicatorio foi realizado o 19/01/2023.

En consecuencia, procede efectuar a prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2022 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o exercicio económico 2023.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente a funcionaria que subscribe, coa conformidade da Xefa da área de RRHH e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 7 de abril de 2022 coa empresa ASPY Prevención, S.L., con CIF B64076482, para o período comprendido entre o 8 de abril de 2023 e o 7 de abril de 2024, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2022; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 30.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria "Plans autoprotección e avaliación, PRL" (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Concello de Vigo

Ano 2023: 21.916,67 euros
Ano 2024: 8.083,33 euros.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos”.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(155).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE RECTIFICACIÓN DO ANEXO ÚNICO INCORPORADO NA RESOLUCIÓN DOS CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DE PRODUTIVIDADE NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 39599/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/02/2023, asinado polo técnico de administración xeral, pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 13/02/2023 (expediente 39599/220), resolveuse:

***"PRIMEIRO.-** Rectificar, de acordo co informe técnico de data 09/02/2023 transcrito nos antecedentes, o erro detectado no ANEXO ÚNICO incorporado na Resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, mediante a que se aprobaron "os criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", (BOP de Pontevedra de 19/01/2023), e máis concretamente dentro da Categoría 1, punto c) desempeño parcial e/ou puntual de funcións e tarefas de postos vacantes ou por ausencia do seu titular, no apartado **“Cuantificación”** de xeito que :*

***Onde di:***

*“Determinación de % de funcións do posto da mesma categoría: 1/5 retribucións totais anuais posto (básicas , CD CE /mes)*

- *20% funcións: (((T/5)- T/0,8)/12)* período*
- *40% funcións: (((T/5)- T/0,6)/12)* período*
- *80% funcións: (((T/5)- T/0,2)/12)* período*

**sendo T o total das retribucións anuais (básicas+CD+CE)*

***Debe dicir***

*“Determinación de % de funcións do posto da mesma categoría: 1/5 retribucións totais anuais posto (básicas , CD CE /mes)*

- *20% funcións: (((T/5)- (T/5)*0,8)/12)* período*

- *40% funcións : (((T/5)- (T/5)*0,6)/12)* período*
- *80% funcións: (((T/5)- (T/5)*0,2)/12)* período*

**sendo "T" o total das retribucións anuais (básicas+CD+CE)*

***E, onde dí:***
*"Determinación de % funcións posto superior categoría: diferencia retribucións totais anuais entre ambos postos*
- *20% funcións: ((T- T/0,8)/12)* período*
- *40% funcións: ((T- T/0,6)/12)* período*
- *80% funcións: ((T- T/0,2)/12)* período*

**sendo T o total das retribucións anuais (básicas+CD+CE)*

*Debe dicir:*
*"Determinación de % funcións posto superior categoría: diferencia retribucións totais anuais entre ambos postos*
- *20% funcións: ((D- (D*0,8))/12)* período*
- *40% funcións: ((D- (D*0,6)/12)* período*
- *80% funcións: ((D- (D*0,2)/12)* período*

**sendo "D" a diferencia entre as retribucións anuais (básicas+CD+CE) dos dous postos."*

*Mantendo vixentes a totalidade dos restantes extremos da resolución que agora se rectifica.*

***SEGUNDO.-*** *Publicar novamente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e colgar no portal de Intranet do Concello de Vigo para o seu coñecemento por parte de todo o persoal ao servizo desta administración, o ANEXO ÚNICO coas rectificacións aprobadas que se incorpora correxido na presente resolución.*

***TERCEIRO.-*** *Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias de dito órgano de data 08/09/2022, á Intervención Municipal e a Asesoría Xurídica Municipal.."(...)"*

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, proponse ao órgano competente:

**ÚNICO**.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da rectificación de erros do ANEXO ÚNICO dos "criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 13/02/2023(expediente 39599/220).

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(156).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE 10 OFICIAIS DE POLICÍA LOCAL COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS: OEP 2020-2021. EXPTE. 41763/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2023, asinado pola técnica de administración xeral, pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I**.- En data 30/05/2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

**II.-** Con data 18/08/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 156) a Orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial . Esta convocatoria incluía oito prazas por promoción interna, tres prazas por mobilidade.

**III.-** O 20/02/2022 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo que indica: **"**De acordo coa proposta do tribunal e coa resolución da Dirección Xeral da AGASP, as persoas designadas para ocupar praza no Concello de Vigo, son:

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| M. Álvarez Pena | ***7224** |
| S. Pereira Castro | ***7748** |
| D. Conde Castro | ***5487** |
| A. Sellán González | ***7350** |
| I. Otero González | ***0027** |
| J. Rodríguez Sánchez | ***6569** |
| U. Iglesias Rodríguez | ***9078** |
| R. González Dos Santos | ***8499** |
| J. Acevedo Posse | ***7655** |
| J. M. Tella Doval | ***5008** |

**IV.**- Consta no expediente (trámite 37), certificación da AGASP do cumprimento dos requisitos esixidos para o nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de oficial, recibida na data de hoxe.

**V.-** Consta informe de verificación administrativa segundo o cal: "Consta no expediente administrativo 41.763/220, a documentación achegada polos aspirantes: **M. Álvarez Pena** con DNI ***7224**, **S. Pereira Castro** con DNI ***7748**, **A. Sellán González** con DNI ***7350**, **I. Otero González** con DNI ***0027**, **J. Rodríguez Sánchez** con DNI ***6569**, **U. Iglesias Rodríguez** con DNI ***9078**, **R. González Dos Santos** con DNI ***8499** e **J. M. Tella Doval** con DNI ***5008**; consta no expediente administrativo 39742/220 a documentación achegada por **J. Acevedo Posse** con DNI ***7655** e no documento 180161566 a documentación achegada por **D. Conde Castro** con DNI ***5487**, que foi debidamente revisada e contrastada por quen subscribe, sendo a mesma a necesaria para o correcto acceso ao emprego público de ditos aspirantes.".

**VI.-** Por Resolución da AGASP de data 09/02/2023 convocouse curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos coporso de poclia local (Curso selectivo para o acceso á categoría de oficial da policía local)- DOG nº 33 de data 16/02/2023. O curso comenzará o 10/03/2023.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.- Normativa de aplicación**

**A**) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se*

*hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública.”* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**B***)* No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

A base 9.2 da Orde de data 26/07/2022 (DOG núm. 156 de 18/08/2022) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión

por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, dispón que:

*“Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas na categoría de oficial, mediante resolución da correspondente Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).*

*En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia ao nomeamento xa realizado, o Concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.”*

O apartado 9.3. relativo ao curso selectivo de formación: “*As persoas aspirantes aprobadas no proceso de acceso por promoción interna deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.*

*Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial.*
*No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso de acceso por promoción interna.*
*O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso.”*

O 20/02/2022 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo indicando - de acordo coa proposta do tribunal e coa resolución da Dirección Xeral da AGASP -, as persoas designadas para ocupar praza no Concello de Vigo de oficial en prácticas, que son as que figuran no antecedente terceiro de este informe a cal nos remitimos.

Informa ademais que o curso selectivo de formación previsto na convocatoria saíu publicado no Diario Oficial de Galicia do 16 de febrro de 2023, e comezará o 10 de marzo .

**II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de dere-

chos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
b) La intervención formal de la ordenación del pago.
c) La intervención material del pago.
d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

**III.- Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021,Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.**- Nomear, de conformidade coa proposta remitida pola AGASP, como persoal funcionario en prácticas na categoría de **Oficial,** aos aspirantes seguintes*:*

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| M. Álvarez Pena | ***7224** |
| S. Pereira Castro | ***7748** |
| D. Conde Castro | ***5487** |
| A. Sellán González | ***7350** |
| I. Otero González | ***0027** |
| J. Rodríguez Sánchez | ***6569** |
| U. Iglesias Rodríguez | ***9078** |
| R. González Dos Santos | ***8499** |
| J. Acevedo Posse | ***7655** |
| J. M. Tella Doval | ***5008** |

**SEGUNDO**.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 9.3 da convocatoria (Orde de data 26/07/2022 -DOG núm. 156 de 18/08/2022-) como requisito indispensable para acceder á condición de

persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.

**TERCEIRO**.- Proceder á publicación na BOPPO e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 21(157).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE. EXPTE. 6414/241.

Visto o informe xurídico do 24/02/2023 e o informe de fiscalización do 27/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2023, asinado pola xefa de Área de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 22/05/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou no expediente administrativo número 6414/241 adxudicar a DISMAC, S.L. (C.I.F. B-36.062.180) o procedemento aberto simplificado para a contratación de SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE por un prezo total de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €) que inclúe a cota correspondente ao IVE de CATRO MIL SEISCENTOS OITENTA E CINCO EUROS (4.685,95€), de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 28/05/2020. No apartado 4.C do Anexo I das follas de características do contrato (FEC) consta o prazo total de UN ANO (1) e a posibilidade de TRES (3) PRÓRROGAS DUN ANO (1) DE DURACIÓN cada unha delas. A Xunta de Goberno Local adoptou os acordos de primeira prórroga en sesión ordinaria de data 15/04/2021 e de segunda prórroga en sesión ordinaria de data 10/03/2022.

3.- Con data 02/02/2023 remitiuse aviso previo de inicio de expediente da terceira e última prórroga ao contratista conforme o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e no apartado 4 do Anexo I das follas de características do contrato (FEC), rexistro de saída nº 6452-2023-1, notificación que foi recibida vía web o mesmo día 02/02/2023 polo contratista, segundo consta no trámite nº 672 da aplicación informática da xestión de expedientes do Concello de Vigo.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro**.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo**.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

**Terceiro.**- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente no apartado 4.C das FEC que o contrato poderá ser obxecto de prórroga, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4.C das FEC establece un prazo de execución do contrato de un (1) ano coa previsión no seu apartado c) de TRES (3) PRÓRROGAS CUNHA DURACIÓN DE UN (1) ANO CADA UNHA.

**Cuarto**.- Considérase conveniente a proposta de prórroga do contrato de SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE por un período dun ano, toda vez que a subministración durante o actual prazo de execución foi satisfactoria cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto**.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto**.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 29/05/2023 ao 28/05/2024 e o seu prezo anual ascende a un total de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €) incluíndo a cota de IVE.

**Sétimo**.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9200.2200002 “MATERIAL OFICINA” segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2023: período comprendido entre o 29/05/2023 e o 31/12/2023: 26.000 €
- Ano 2024: período comprendido entre o 01/01/2024 e o 28/05/2024: 1.000 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro**.- Aprobar a terceira e última prórroga dun ano de duración do vixente contrato de SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE (6414/241) formalizado coa entidade mercantil DISMAC, S.L. polo período comprendido desde o 29/05/2023 ata o 28/05/2024.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA CONSUMIBLE (6414/241) a favor da entidade mercantil DISMAC, S.L. (C.I.F. B-36.0621.180) por importe de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00 €) IVE engadido, imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9200.2200002 “MATERIAL OFICINA” segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2023: período comprendido entre o 29/05/2023 e o 31/12/2023: 26.000 €
- Ano 2024: período comprendido entre o 01/01/2024 e o 28/05/2024: 1.000 €

**Terceiro**.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria DISMAC, S.L. indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(158).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES”. EXPTE. 1603/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, o técnico de administración xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado "outros investimentos", que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos "Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia" do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 13 de febreiro de 2023 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **"DEMOLICIÓN DO EMISARIO EDAR LAGARES" .** O devandito informe indica o seguinte:

*"O Concello de Vigo asumiu a explotación da EDAR do Lagares en maio de 2018. Entre as instalacións cedidas para a súa explotación, atópase un novo emisario submarino que finaliza en 62 bocas difusoras e garantiza a operación da planta cumplindo as condicións de vertido.*

*Trala posta en servizo do novo emisario, deixou de estar operativo o emisario da antiga EDAR. Como consecuencia dos temporais do pasado outono, aflorou parcialmente o emisario xunto á desembocadura do río Lagares.*

*Dado que dita instalación non está en servizo, considérase necesario a súa eliminación nos treitos que afloraron á superficie, dado que supoñen un obstáculo nunha zoa de baño, e tendo*

*en conta que ao atoparse á intemperie pode degradarse co paso do tempo e provocar maiores danos.*
*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de "DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES" é unha actuación necesaria que non debe demorarse".*

**V.-** A vista deste informe, con data 16 de febreiro de 2023 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **"DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES".**

**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **"DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES".**

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(159).- SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE DA ESTRADA DO VAO–EP-2003. EXPTE. 1245/441.**
Visto o informe de fiscalización do 27/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2023, asinado polo técnico de administración xeral, o xefe do Servizo xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.** A Estrada do Vao EP-2003, de titularidade da Deputación de Pontevedra, se sitúa entre a Rúa Canido e a Estrada de Camposancos, atravesada pola Avenida de Ricardo Mella, na Parroquia de Coruxo de Vigo, cunha lonxitude de 1,6 km.

**2.** No ano 2019, a Deputación de Pontevedra executou unha obra de mellora desta estrada, consistente, tanto da mobilidade e seguridade peonil, mediante a instalación de novos pasos de peóns elevados e bolardos, como da circulación rodada mediante o reasfaltado e pintado do firme da calzada.

**3.** As peculiaridades desta estrada e a sua configuración na cidade aconsellan que a titularidade da mesma pase ao concello de Vigo, polo que esta Administración municipal dirixiuse á provincial facéndolle saber que o concello de Vigo estaría disposto a recibir a titularidade da dita estrada, se ben, de xeito previo á recepción da estrada, debería procederse pola Deputación provincial á execución dunhas actuacións complementarias na mesma sobre as interseccións con viarios lindeiros de titularidade do Concello de Vigo, coa finalidade de completar as devanditas actuacións de mellora realizadas pola deputación provincial.

**4.** Para a avaliación destas necesidades o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, con data 18.04.2022, resolveu iniciar expediente para a contratación da redacción do proxecto de execución de obra para a “MELLORA DAS INTERSECCIÓNS E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003, NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO”.

**5.** O Concello de Vigo, adxudicou o contrato para a redacción do proxecto de referencia a favor da empresa GALAICONTROL, S.L., a cal presentou o proxecto de “MELLORA DAS INTERSECCIÓNS E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO – EP-2003, NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento estimado de 280.000,00 €.

**6.** En data 21.06.2022, o Xefe de Vías e Obras e Infraestruturas da Área de Fomento e Servizos informou que o proxecto de obras presentado recolle unha proposta de deseño que ten en conta os diferentes condicionantes que afectan ao ámbito de actuación e modulada segundo a incidencia destes sobre os usuarios, tendo en conta criterios de eficiencia enerxética e mantemento futuro adecuado e acorde ao entorno urbano, polo que se considera que cumpre os obxectivos do contrato de redacción, sen entrar a corroborar solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, nin cumprimento de normativa vixente, validados polo técnico asinante do proxecto construtivo.

**7.** Con estes antecedentes, o concello de Vigo, en xuño de 2022 dirixiuse á Deputación provincial coa proposta da sinatura dun convenio de colaboración co obxecto de acordar os termos da transmisión ao Concello da titularidade da Estrada Provincial do Vao e da execución e financiación previa por parte da Deputación Provincial de Pontevedra das obras complementarias definidas no proxecto «Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao– EP-2003, no termo municipal de Vigo»; proxecto de obras que lle foi remitido á Deputación o pasado 27/06/2022.

**8.** Con data 6/02/2023, recibiuse no rexistro xeral do Concello, dilixencia da Deputación Provincial de Pontevedra, comunicando que:

> *«En relación coa solicitude de convenio para a transmisión de titularidade da Estrada Provincial do Vao EP-2003 ao Concello comunicámoslles que, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación o proxecto da obra de “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”, remitido polo Concello e redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de*

*licitación de 280.000,00 € IVE incluído, tramítase o expediente de contratación para a súa execución.*

*A obra financiase integramente pola Deputación. Para a tramitación da transferencia da titularidade da estrada deberán remitir o acordo do órgano municipal competente para a solicitude e aceptación da dita transferencia.*

CONSIDERACIÓN DE DEREITO

**Primeira.-** A Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia establece no seu artigo 1 que a mesma: «ten por obxecto regular o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección daquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das súas distintas administracións titulares».

**Segunda.-** No que ao presente expediente interesa —a transferencia da titularidade da EP-2003— os parágrafos 4 e seguintes do artigo 9 da dita norma, en relación coa titularidade das estradas, dispón que:

*«4. Os cambios de titularidade de estradas ou de treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.*

*5. Os cambios de titularidade das travesías urbanas ou de treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, cando adquiran a consideración de vías urbanas, se realicen a prol do concello polo que estes discorran e exista acordo entre este e a administración titular da estrada, poderán ser aprobados pola consellaría competente en materia de estradas. No resto dos casos, deberán ser aprobados, de xeito motivado, por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da antedita consellaría.*

*6. As resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade das estradas obxecto desta lei deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia. No caso de que unha das administracións afectadas sexa a Administración xeral do Estado, aplicarase a regulación sobre cambio de titularidade prevista na normativa estatal en materia de estradas.*

*7. Os cambios de titularidade poderán abranguer estradas, treitos delas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente».*

**Terceira.-** Trátase dun cambio de titularidade dunha travesía urbana de Titularidade da Administración provincial a favor do concello de Vigo, por cuxo termo municipal discorre e

para a cal a Deputación solicita do concello de Vigo unha manifestación formal da súa conformidade a tal cambio de titularidade.

**Cuarta.-** En cumprimento do disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira é necesario indicar, en relación as obrigas que para o Concello de Vigo, se derivan desta proposta de transmisión da titularidade, que se cumpre coas esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financiera.

A cesión da titularidade atopase xustificada na propia configuración actual da estrada nun ámbito consolidado, e por outra banda as actuación de reforma xa realizadas pola Deputación Provincial e as que se derivan da obriga de executar de forma previa, veñen a mellorar a sua capacidade de vida útil, tendo en conta que estruturalmente as actuación de renovación de firmes deben acadar unha consolidación estrutural entre os 10 e 15 anos, polo cal a finalización das obras xa executadas, así como as novas que deberán ser realizadas de forma previa deben considerarse como investimentos de reposición que van a deferir no tempo calquera necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario e o gasto futuro de mantemento será cuberto a través do marco económico vixente para o acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

**Quinta.-** Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para manifestar a conformidade expresa do concello de Vigo ao cambio de titularidade da estrada de referencia (disposición adicional segunda, parágrafos 9 e 11 LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro**.- Aprobar a solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de transferencia da titularidade da ESTRADA DO VAO–EP-2003, que discorre polo termo municipal de Vigo, a favor desta administración municipal, de acordo coa proposta da Deputación Provincial de Pontevedra de transmisión da titularidade da dita estrada, previa a execución e financiación do proxecto da obra de “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”, remitido polo Concello á Deputación provincial, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de 280.000,00 € IVE incluído.

**Segundo**.- Daquela, considerar formulada manifestación expresa de conformidade do concello de Vigo á transmisión de titularidade da dita estrada provincial.

**Terceiro.-** Declarar o compromiso do concello de Vigo de garantir o mantemento e conservación da estrada obxecto de cesión; asunción de responsabilidade que terá lugar desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción da estrada, tras a execución por parte da Deputación Provincial de Pontevedra das obras do proxecto de “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(160).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DA "RENOVACIÓN DO ABSTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50". EXPTE. 1231/441.**
Dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, polo técnico de administración xeral, lo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**Antecedentes**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada, abreviadamente "FCC Aqualia Vigo UTE", con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título "outros investimentos"; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** Con data 22 de marzo de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **"RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50"**; informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 23 de marzo de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 1 de abril de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **"RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50".**

**IV.-** Con data 8 de febreiro de 2023, Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o **"RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50"**, redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación sen IVE de CENTO

CORENTA E UN MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS DE EURO (141.918,24 EUROS).

**V.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 2.385,18 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 2.385,18 € |
| Coordinación de segurid e saúde | SEGURINCO | 596,30 € |
| | SUMA | 5.366,66 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 590,33 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 5.956,99 € |

**VI.**- A Enxeñeira Industrial, Dª Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 13 de febreiro de 2023 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.**- Con data 13 de febreiro de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

**Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno
da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50”**, redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación sen IVE de CENTO CORENTA E UN MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS DE EURO (141.918,24 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 6 de febreiro do 2023.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50”,** por un importe de 5.956,99 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 2.385,18 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 2.385,18 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | SEGURINCO | 596,30 € |
| | SUMA | 5.366,66 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 590,33 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 5.956,99 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a Dª Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Jorge Muñoz Rama, Enxeñeiro de Obras Públicas.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título "outros investimentos"; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** Con data 5 de outubro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na "**RENOVACIÓN DO ABASTECEMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA"**; informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 14 de outubro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de "**RENOVACIÓN DO ABASTECEMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA".**

**IV.-** Con data 16 de febreiro de 2023, Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o **"RENOVACIÓN DO ABASTECEMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA"**,

redactado polo Enxeñeira Camiños, Canales e Portos, Trinidad López Rodriguez cun orzamento base de licitación antes de IVE de DOUSCENTOS QUINCE MIL VINTEDOUS EUROS CON CERO CÉNTIMOS (215.022,00 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 09/02/2023.

**V.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 3.613,82 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 3.613,82 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | SEGURINCO | 903,45 € |
| | SUMA | 8.131,09 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 894,42 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 9.025,51 € |

**VI.**- A Enxeñeira Industrial, Dª Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 17 de febreiro de 2023 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.**- Con data 17 de febreiro de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

**Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse

en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno
da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECEMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA”**, redactado polo Enxeñeira Camiños, Canales e Portos, Trinidad López Rodriguez cun orzamento base de licitación antes de IVE de DOUSCENTOS QUINCE MIL VINTEDOUS EUROS CON CERO CÉNTIMOS (215.022,00 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 09/02/2023.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECEMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA”,** por un importe de 9.025,51 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 3.613,82 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 3.613,82 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | SEGURINCO | 903,45 € |
| | SUMA | 8.131,09 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 894,42 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 9.025,51 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a Dª Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Jorge Muñoz Rama, Enxeñeiro de Obras Públicas.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(163).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATIONEU". EXPTE. 5914/443.**
Visto o informe de fiscalización do 28/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2023, asinado polo técnica de xestión, o técnico de administración xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 04.08.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández" a favor da empresa Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente (OTIMA)

**II.-** A empresa Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente (OTIMA) presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATIONEU" , redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo, cun

orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €)

**III.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 16.02.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, en data 17.02.2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** As actuacións teñen lugar na rúa Escultor Gregorio Fernández, entre a rúa Via Norte e a Praza de Fernando O Católico, e consisten na remodelación urbana da rúa, unha reordenación de espazos e a implantación de cinco ramplas mecánicas destinadas á mellora da accesibilidade vertical peonil da vía xa que a rúa Escultor Gregorio Fernández presenta unha elevada pendente lonxitudinal. Tamén é obxecto destas actuacións a implantación de sensores dixitais para a cuantificación da actividade turístico-comercial e a colocación de MUPIs dixitais.

Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación:

- Instalaranse cinco ramplas mecánicas de diferentes lonxitudes pero características similares, todas de 1,10 m de anchura
- En canto ao abastecemento de auga potable soamente será necesario realizar a conexión coa rede da rúa Tercio de Afora e un pequeno retranqueo para a instalación das ramplas, mediante canalizacións de fundición dúctil de diámetros 100 mm e 150 mm.
- A rede de fecais verase renovada na rúa Escultor Gregorio Fernández mediante tubaxes de PVC de 315 mm e 500 mm
- En canto á rede de pluviais verase completada con tubaxes de PVC de 250 mm e 315 mm.
- Construiranse zonas axardinadas cunha superficie total de 60 m2 cunha rede de rega específica en tubaxe de PE por goteo.
- En canto á iluminación pública verase substituído o cableado existente por un novo en cobre en tubaxe de 63 mm e 110 mm. Substitúise os grupos ópticos das luminarias da marxe dereita e dotarase a rúa de novas para aumentar o nivel de luminosidade.
- Instalarase 1 banco de pedra con respaldo e repousabrazos de madeira e 1 papeleira.
- Instalaranse 2 columnas tecnolóxicas colocadas na parte alta e baixa da rúa respectivamente para a monitorización do fluxo peonil no eixo comercial e 2 MUPIs dixitais con conectividade 5G.
- Dotarase á rúa de nova sinalización horizontal e vertical

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (ONCE) 11 meses.

**V.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 27.02.2023 informe de

supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*Non é necesaria ningunha autorización sectorial para a execución dos traballos dada a titularidade municipal da rúa Escultor Gregorio Fernández e lindeiras.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

*CONCLUSIÓN:*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*
*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de obras de **“VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATIONEU”,** redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €), e de data febreiro de 2023.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(164).- APROBACIÓN DAS BASES E ESTATUTOS DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO POLÍGONO II DA AOD A-3-10 ESTURÁNS. EXPTE. 5257/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2023, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

"Con data do 24.07.2019, o Pleno do Concello de Vigo acordou, entre outros pronunciamentos e no que aquí nos interesa, prestar aprobación definitiva ao Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo- en diante IOP- (Exp. 16022/411) elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Tratase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non conten cun novo PXOM definitivamente aprobado

No dito IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento, na que se atopa incluído o polígono II do ámbito APR A-3-10 Esturáns.

No que aquí nos ocupa, o punto primeiro do artigo EST-30 adicado á Conservación da urbanización da Memoria informativa e xustificativa do Anexo 3.1 ordenación detallada Polígono II AOD A-3-10 ESTURÁNS, indícase que, para o desenvolvemento e xestión do ámbito, os propietarios dos solares resultantes da equidistribución deberán constituírse en Entidade urbanística de conservación.

Cómpre indicar que, este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

Previa a oportuna tramitación, con data 17.07.2020 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación definitiva ao proxecto de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns, polígono II (Exp. 5250/401), dispondo no seu apartado terceiro no seu teor literal que, *"(..)Advírteselle á promotora de que, tralo estudo por esta administración do proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, inserido no rexistro electrónico do concello de Vigo con data do 30.06.2020, co Cod. Sol. W4460009-9181, (Exp.5257/401) consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, e unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización, á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras (..)".*

Así as cousas, con data do 30 de xuño de 2020 (Cod. Sol.: W446009-9181) a representación debidamente acreditada no expediente da entidade promotora do presente ámbito, "Prazadouro SL" inseria no rexistro electrónico desta XMU impreso de solicitude, ao que xunta documentación

consistente nos *“Estatutos xerais da Entidade Urbanística de conservación do polígono II da AOD-A-3-10 Esturáns”*, co seguinte contido:

**ESTATUTOS XERAIS DE ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO POLÍGONO II DA AOD – A-3-10 ESTURÁNS**

## CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ART. 1.—DENOMINACIÓN E NATUREZA XURÍDICA Coa denominación de “Entidade Urbanística de Conservación do polígono II da AOD A-3-10 ESTURANS” constitúese unha entidade urbanística colaboradora de carácter administrativo, personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins dende a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

ART. 2.—DOMICILIO 1.—O domicilio da entidade de conservación establecerase no seu acto constitutivo. 2.—Este domicilio poderá ser modificado por acordo da Asemblea Xeral, dando conta ó Concello e Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

ART. 3.—ÁMBITO DE ACTUACIÓN A entidade de conservación abrangue os terreos incluídos no polígono polígono II da AOD A-3-10 ESTURÁNS, e os adscritos ó mesmo, coa delimitación representada graficamente nos planos do Instrumento de Ordenación Provisional vixente e, no seu caso, planeamento secundario que o desenvolva.

ART. 4.—OBXECTO E FINS No planeamento aplicable precisarase o alcance desta obriga de conservación, consonte co disposto na normativa vixente. En principio constituirán obxecto de conservación desta Entidade, os espazos verdes públicos de nova creación do polígono de referencia, e os espacios libres privados sobre os que se constitúa un dereito real de uso público da súa superficie en favor do Concello. No acto constitutivo precisarase polo miúdo o alcance da obriga de conservación imposta no planeamento aplicable.

ART. 5.—CONSTITUCIÓN Será obrigatoria a constitución da Entidade de Conservación cando así o esixa o planeamento urbanístico aplicable consonte coa lexislación vixente. A Entidade constituirase no momento no que se produza a recepción definitiva, expresa ou presunta, das obras de urbanización polo Concello de Vigo. Tamén poderase constituír pola transformación da Xunta de Compensación en entidade urbanística de conservación. Previamente, os propietarios que representen polo menos o 70% das cotas de participación deberán solicitar na Administración municipal a aplicación ó polígono destes Estatutos xenéricos. A pertenza á entidade de conservación será preceptiva e ineludible para tódolos propietarios de inmobles incluídos no polígono de referencia, sen que resulte necesaria a súa participación no acto constitutivo.

ART. 6.—DURACIÓN Os propietarios do polígono quedarán afectos á obriga de conserva-los espazos referidos no Art. 4 destes Estatutos dende o momento da recepción definitiva das obras de urbanización e polo tempo previsto no planeamento aplicable, coa única excepción dunha decisión por parte da Administración actuante encamiñada a asumir dita obriga de conservación.

## CAPÍTULO II DOS MEMBROS DA ENTIDADE

ART. 7.—MEMBROS DA ENTIDADE Serán membros de pleno dereito desta Entidade os

propietarios de bens inmobles comprendidos no ámbito do polígono de referencia.

ART. 8.—SUBROGACIÓN Como a titularidade dos inmobles determina a pertenza á entidade, a súa transmisión conleva a subrogación automática do adquirente nos dereitos e obrigas do anterior propietario. Sen embargo dita transmisión non surtirá efectos ante a Entidade de Conservación ata o momento no que o vendedor ou o comprador notifiquen efectivamente que se produciu a transmisión. No caso de que non se reciba a notificación da transmisión, o vendedor seguirá respondendo dos custes de conservación.

ART. 9.—DEREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS
1.—Son dereitos dos membros desta Entidade:
a) Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
b) Elixir ós membros da Xunta Directiva e ser elixido como membro da mesma.
c) Presentar suxestións para mellora-lo funcionamento da Entidade.
d) Obter información da actividade da Entidade, das contas e dos seus órganos, pudendo solicita-la exhibición dos recibos e xustificantes dos pagos nos días seguintes á recepción da convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria na que se aprobe a Memoria de Contas e Balance da mesma.
e) Os demais dereitos que lles correspondan conforme a estes Estatutos e ás disposicións legais aplicables.
2.—Son obrigas dos membros desta Entidade:
a) O cumprimento dos acordos dos órganos competentes da Entidade, que se deriven do disposto nestes estatutos ou na lexislación aplicable.
b) Satisfacer puntualmente as cantidades que estableza a Entidade de Conservación relativas ós gastos de conservación ou outros.
c) Comunicar por escrito á Entidade a transmisión dos inmobles ubicados no polígono de referencia, coa debida antelación.
d) Comunicar no momento de incorporación á Entidade un domicilio para notificacións. No caso de que non se comuniquen as posteriores modificacións do domicilio, reputaranse ben realizas as notificacións enviadas á antiga dirección.
e) Designar como representante a unha única persoa nas situacións de proindiviso ou cotitularidade. No seu defecto, a Xunta Directiva poderá nomear un entre eles, sen prexuízo do dereito dos cotitulares a designar outro en calquera momento, mediante escrito debidamente comunicado á Entidade.
f) Nomear a un representante no caso de fincas pertencentes a persoas xurídicas.
g) Os que se deriven das disposicións estatutarias e legais.

## CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ENTIDADE.

ART. 10.—ÓRGANOS DA ENTIDADE A Entidade componse dos seguintes órganos:
— Asemblea Xeral.
— Xunta Directiva.

SECCIÓN PRIMEIRA DA ASEMBLEA XERAL

ART. 11.—ASEMBLEA XERAL A Asemblea Xeral estará constituída pola totalidade dos membros da Entidade. No caso de que se constitúan comunidades de propietarios nalgunha das parcelas, serán representadas por unha soa persoa, designada polos copropietarios ou, no seu defecto, pola Xunta Directiva.

ART. 12.—SESIÓNS A Asemblea Xeral convocarase con carácter ordinario ó menos unha vez ó ano.

Nesa Asemblea trataranse os asuntos da Orde do día, entre os que necesariamente deberán figura-los seguintes:
— Aprobación da Memoria, contas e balance do exercicio anterior.
— Presuposto de gastos e ingresos para o exercicio seguinte.
— Determinación das derramas necesarias para facer fronte ós gastos de conservación, ou habilitación á Xunta Directiva para determinalas.
A Asemblea Xeral convocarase con carácter extraordinario cando así o estime o Presidente o un número de propietarios equivalente a un terzo das cotas representadas na Entidade mediante solicitude ó efecto. Neste último caso, o Presidente convocará a sesión solicitada nos dez días hábiles seguintes á recepción da solicitude.

ART. 13.—CONVOCATORIAS As convocatorias serán efectuadas polo Secretario por orde do Presidente, coa indicación dos asuntos a tratar e designación do lugar, día e hora da Asemblea en primeira e segunda convocatoria, mediando entre elas ó menos media hora. A convocatoria das Asembleas Xerais Ordinarias realizarase mediante carta certificada con acuse de recibo ou calquera outro medio que deixe constancia da súa recepción, cunha antelación mínima de sete días hábiles. Dito prazo poderá ser inferior en casos de urxencia debidamente xustificados e apreciados na Asemblea polas persoas que representen a maioría absoluta das cotas de participación. Nas convocatorias das Asembleas Xerais Ordinarias manifestarase que, en horas hábiles e ata o día anterior á reunión, atópanse a disposición dos seus membros no domicilio social, a Memoria, contas e balance do exercicio anterior, e o presuposto para o exercicio seguinte.

ART. 14.—CONSTITUCIÓN A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela polo menos o 50 por 100 das cotas validamente representadas. En segunda convocatoria quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes.

ART. 15.—ADOPCIÓN DE ACORDOS Os acordos adoptaranse por maioría dos membros presentes ou representados da Entidade en cada Asemblea, salvo no caso de modificación dos Estatutos e disolución da Entidade, no que se precisará do voto dos propietarios que representen a maioría das cotas de participación.

ART. 16.—REPRESENTACIÓN A asistencia á Asemblea Xeral será persoal ou mediante representante nos casos legal e estatutariamente establecidos.

ART. 17.—FACULTADES DA ASEMBLEA XERAL Corresponden á Asemblea Xeral as seguintes facultades:
a) Modificación dos Estatutos
b) Elección, nomeamento e cese dos membros da Xunta Directiva.
c) Aprobación dos presupostos de gastos, ingresos e inversións, ordinarias e extraordinarias.
d) Aprobación da Memoria, contas e balance anual.
e) Nomear a un administrador ou empresa de xestión de fincas urbanas.
f) Propor a disolución da Entidade.
g) Calquera decisión no marco da normativa vixente e destes Estatutos, a fin de mellorar o funcionamento da Entidade e de asegura-lo cumprimento dos seus obxectivos.

SECCIÓN SEGUNDA DA XUNTA DIRECTIVA

ART. 18.—A XUNTA DIRECTIVA
A Xunta Directiva estará constituída por 4 membros:

o Presidente, o Vicepresidente, o Secretario e o Tesoureiro, os cales non deberán ser necesariamente titulares de inmobles na Entidade e poderán ser remunerados por acordo da Asemblea Xeral da Entidade. Se non son propietarios do ámbito poderán participar con voz pero sen voto na Asemblea Xeral. A renovación ou reelección destes cargos verificarase cada ano na súa totalidade. En caso de renovación, esta será notificada ó Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras. Poderán ser removidos por acordo da Asemblea Xeral.

ARTICULO 19.—FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA
A Xunta Directiva gozará das seguintes atribucións:
a) Administrar a Entidade e o seu patrimonio de acordo coas leis e os Estatutos.
b) Realizar todo tipo de actos de xestión.
c) Executa-los acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
d) Desenvolver a xestión económica de acordo coas previsións acordadas pola Asemblea Xeral.
e) Informar de contratos, proxectos e calquera clase de accións referidas ó obxecto da Entidade.
f) Formalizar unha memoria de xestión anual na que se incluirán as contas e balance do exercicio anterior. Elaborar o presuposto do exercicio seguinte co fin de presentalo á Asemblea Xeral.
g) Calquera outra non asignada á Asemblea Xeral ou que esta lle delegue.

ART. 20.—DURACIÓN DOS CARGOS
Cada un dos membros da Xunta Directiva permanecerá no seu cargo durante un ano. En caso de dimisión, falecemento ou remoción dalgún dos seus membros, a Xunta Directiva procederá ó nomeamento dun substituto que, con carácter provisorio, ostentará o cargo ata a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

ART. 21.—CONSTITUCIÓN
A reunión da Xunta Directiva quedará validamente constituída cando acudan a metade dos seus membros, presentes ou representados, sempre que en todo caso asistan o Presidente e o Secretario, ou as persoas nas que deleguen.

ART. 22.—ADOPCIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DIRECTIVA
Os acordos da Xunta Directiva adoptaranse pola maioría dos asistentes. No caso de empate será dirimente o voto do Presidente.

SECCIÓN TERCEIRA DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DA XUNTA DIRECTIVA

ART. 23.—PRESIDENTE
O Presidente da Entidade de Conservación será tamén o da Xunta Directiva, elixido pola Asemblea Xeral.

ART. 24.—FACULTADES DO PRESIDENTE
O Presidente terá as seguintes atribucións:
a) Convocar, presidir e dirixir as deliberacións.
b) Representar á Entidade de Conservación en calquera ámbito e organismo, en todo tipo de procedementos xudiciais ou extraxudiciais e negocios xurídicos, outorgando, no seu caso e previa autorización da Asemblea xeral, os correspondentes poderes a favor de letrados e/ou procuradores.
c) Ordenar os pagos e ingresos da Entidade, respectando os límites dos presupostos.
d) Dispoñe-lo movimento de fondos conxuntamente co Tesoureiro.
e) Nomear o substituto provisorio do Secretario no caso de ausencia ou enfermidade.

ART. 25.—VICEPRESIDENTE
O Vicepresidente substituirá ó Presidente nos casos de ausencia, enfermidade ou dimisión daquel.

ART. 26.—SECRETARIO
Correspóndelle ó Secretario:
a) Ostentar a secretaría da Asemblea e da Xunta Directiva.
b) Levantar Acta das sesións. c) Responsabilizarse dun libro-rexistro no que se relacionarán os socios integrantes da Entidade con expresión das súas circunstancias persoais, domicilio, cota de participación e cantos outros estime pertinentes.
d) Redactar e enviar ós propietarios ás notificacións e citacións, por orde do Presidente.
e) Custodiar a documentación da Entidade.
f) Calquera outra que así sexa designada pola Entidade.

ART. 27 .—TESOUREIRO
Levará as contas da Entidade, efectuará os pagos e os cobros conxuntamente co Presidente ou, en ausencia de este, co Vicepresidente, dando conta á Xunta Directiva e Asemblea xeral.

CAPÍTULO IV DAS CUOTAS E DOS MEDIOS ECONÓMICOS DA ENTIDADE

ART. 28.—EXERCICIO ECONÓMICO
O exercicio económico da Entidade iníciase o 1 de Xaneiro e remata o 31 de Decembro.

ART. 29.—MEDIOS ECONÓMICOS
Os medios económicos dos que disporá a Entidade estarán constituídos polas achegas que en función das respectivas cotas realicen os seus membros co fin de sufraga-los gastos de conservación.

ART. 30.—CUOTAS DE PARTICIPACIÓN
A participación de cada membro nas cargas da Entidade determinarase en función da cota de participación que os seus inmobles tivesen na Xunta de Compensación e, en todo caso, en función da edificabilidade que teñan asignado. Unha vez concluída a edificación do polígono, por Acordo da maioría absoluta das cotas de participación poderanse revisar, fixándoas en proporción ós metros cadrados construídos dos que resulte ser titular cada un dos seus membros. Se sobre algunha das parcelas se tivese constituído un réxime de propiedade horizontal, a Comunidade de Propietarios asumirá a xestión do cobro das cotas dos seus membros, entregándollas logo á Entidade de Conservación. A Comunidade de Propietarios será responsable ante a Entidade do abono da totalidade da cota que lle corresponda pagar ó inmoble dos gastos de conservación, puidéndose, no caso de impago, demandar o seu cobro, tanto ó propietario como á Comunidade. No momento de constitución da Entidade, achegarase a relación definitiva de propietarios e cotas a efectos da súa posterior inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras.

ART. 31.—ABONO DOS GASTOS DE CONSERVACIÓN A cantidade a aboar establecerase pola Asemblea Xeral ou, previa delegación desta, pola Xunta Directiva. Con posterioridade á súa aprobación será notificada mediante carta certificada con acuse de recibo ou por calquera outro medio que deixe constancia da súa recepción. Todo membro da Entidade de Conservación deberá abonar a súa respectiva cota no prazo de 15 días hábiles dende a recepción da notificación. As cantidades non aboadas no devandito prazo devengaránse en favor da Entidade un xuro de mora anual igual ó legal do diñeiro incrementado en seis puntos. O impago desas cantidades facultará á Entidade para reclamala, xunto cos xuros de mora e custas que procedan, pola vía xudicial civil ordinaria ou pola de constrinximento administrativo.

CAPÍTULO V RÉXIME XURÍDICO E RECURSOS

ART. 32.—RÉXIME XURÍDICO
A entidade de conservación rexérase polo disposto nestes Estatutos e demais normativa que resulte de obrigada aplicación. Supletoriamente polas normas reguladoras do réxime da propiedade horizontal, e en defecto destas, polas que ordenan o funcionamento dos órganos colexiados nas Administracións Públicas.

ART. 33.—RECURSOS Contra os acordos dos órganos estatutarios poderase interpor recurso de alzada perante o Concello de Vigo nos prazos e coas condicións establecidas na lexislación de procedemento administrativo vixente.

CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

ART. 34.—DISOLUCIÓN
Esta Entidade será disolta cando a súa existencia resulte innecesaria por asumir integramente o Concello de Vigo a conservación dos devanditos elementos do polígono, ou ben cando finalizase o prazo previsto no planeamento aplicable. Para a súa disolución, requirirase acordo expreso do Concello de Vigo.

ART. 35.—LIQUIDACIÓN
Acordada validamente a disolución da Entidade, nomearase pola Asemblea ou pola Xunta Directiva unha comisión de liquidación que procederá á liquidación das débedas e cobros pendentes, distribuíndose o seu crédito ou o remanente entre os membros, en proporción ás súas cotas respectivas

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e as súas modificacións,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.- Conservación das obras de urbanización

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante LSG) no seu artigo 96.6, dispón que a conservación da urbanización lle corresponderá ao Concello. Porén, estabelece, de seguido, que o planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos soares resultantes da execución da urbanización de constituírense nunha entidade urbanística de conservación (en diante EUC). Neste suposto, a conservación lle corresponderá a esta entidade, polo prazo que sinale o Plan.

Na fundamentación xurídica do informe que serviu de base á aprobación inicial do proxecto de urbanización, advertíase xa da necesidade de que pola mercantil promotora se procedese a redactar e elevar ao Concello os estatutos dunha futura entidade de conservación das obras de urbanización, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto, dado que o IOP que se desenvolve e o propio instrumento de equidistribución do polígono, conteñen a previsión da constitución dunha entidade de conservación da obra urbanizadora, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

Asemade, o vixente PXOU-93 do Concello de Vigo recolle dita obriga, nos termos referidos no artigo 3.2.3.5 das súas NN.UU dispondo na súa literalidade que, *(...) De acordo co disposto nos artigos 25.3 e 68 do RG constituíranse entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais.*

Neste senso, no punto terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 17.07.2020 requiríase á promotora, tal e como se ten sinalado no expositiva para que procedese a redactar e achegar ao Concello, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente debería proceder á constitución da entidade urbanística de conservación, con carácter previo á recepción das obras de urbanización.

Asemade, no condicionado do acordo de aprobación definitiva dispúñase que a urbanización non podería ser utilizada ata que se constitúa unha entidade urbanística de conservación e as obras estean completamente rematadas.

III.- Entidades urbanísticas de conservación

O amentado artigo 96.6 da LSG define as EUC como entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e con personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins, adiando os requisitos de constitución e inscrición no rexistro administrativo correspondente e o contido mínimo dos seus estatutos ao que se determine regulamentariamente.

IV.- Obrigas de incorporación e cotas de conservación

Así as cousas, o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (en diante RLSG), nos seus artigos 232 e 233, desenvolve os principios xerais da conservación da urbanización e das cotas de urbanización das persoas propietarias dos soares incluídos no eido de conservación, que quedarán incorporados obrigatoriamente á EUC e que deberán contribuír aos gastos de conservación en proporción ao seu aproveitamento urbanístico. No caso de que sobre as parcelas se constituíran réximes de propiedade horizontal, a contribución dos propietarios na referida obriga de conservación e mantemento determinarase pola cota de participación, con relación ao total do valor do inmoble que teña asignada cada comunidade. Cotas de conservación que serán obrigatorias e exixibles pola vía de constrinximento.

V.- Réxime xurídico das EUC

O RLSG, no capítulo VIII “Entidades urbanísticas colaboradoras” do seu Título IV, adicado á “Execución do Planeamento Urbanístico”, inclúe dentro desta categoría ás entidades urbanísticas de conservación, como entidades de dereito público que poden constituírse mediante a transformación doutra entidade urbanística colaboradora preexistente ou ser de nova creación, para os fins específicos de conservación.

Será obrigatoria a constitución das ditas entidades sempre que, coma no caso que nos ocupa, o deber de conservación das obras de urbanización recaia sobre os propietarios comprendidos nun ámbito en virtude do plan ou do acordo plenario que respecto diso se adopte, segundo o disposto no artigo 232.3.

A pertenza á entidade de conservación será obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial. A súa constitución determina a afección das parcelas dos seus membros, con carácter real e mediante inscrición rexistral, aos fins e obrigas da entidade. A dita afección farase constar por nota marxinal no Rexistro da Propiedade, a cal se redactará a instancia da entidade urbanística de conservación.

As entidades urbanísticas colaboradoras rexeranse polos seus estatutos e polo disposto no amentado capítulo e no resto de artigos que lles sexan de aplicación e delas formará parte un representante do Concello. Teñen, en virtude do artigo 323 do RLSG, carácter administrativo e dependencia da administración urbanística actuante; neste caso o Concello que as tutela. A personalidade xurídica de seu enténdese adquirida no intre da súa efectiva constitución.

A constitución das EUC está pautada no artigo 324.2 do RLSG, que obriga ás persoas promotoras e lexitimadas (sempre referidas en plural), a redactar uns estatutos co contido do art. 300 do RLSG e de elevalos ao Concello para a súa aprobación.

Neste caso, o borrador achegado,axústase ao ordenamento xurídico de aplicación, polo que procede propor, agás criterio mellor fundado en dereito, a súa aprobación polo órgano municipal competente.

Trala aprobación municipal dos estatutos, a propiedade, xunto coa persoa representante da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, procederán á constitución da EUC en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, co contido previsto no devandito artigo e unha vez constituída darase traslado dunha copia autorizada da escritura a esta XMU, o que determinará a adquisición da súa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.

Porén, neste caso concreto, ao se tratar dun suposto de propiedade única polo sistema de concerto, dita esixencia de constitución da entidade de conservación -en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente- non será necesaria, sempre e candose manteña a situación de propiedade única e non existan varios propietarios no polígono, unha vez que, á vista do disposto no artigo 322.3 do RLSG, se achegue un compromiso expreso de anotación no Rexistro da Propiedade mediante nota á marxe -a instancia e por conta da propietaria única-, da “afección das parcelas dos seus membros, con carácter real e mediante inscrición rexistral, aos fins e obrigas da entidade”, así como da obriga de constitución da entidade de conservación -nos termos sinalados no artigo 324.2 b) do RLSG, entidade que se rexerá por uns estatutos que, unha vez aprobados polo Concello, serán publicados na sede electrónica municipal.

É dicir, é a propietaria única neste caso a que asume a totalidade das obrigas de conservación e mantemento das infraestruturas e dotacións do polígono que lle corresponderían á EUC, que non será

constituída mentres se manteña esa situación. A constitución da EUC ou, en todo caso, a anotación a instancia e por conta da propietaria única da afección real referida, deberá estar materializada con anterioridade á recepción das obras de urbanización do polígono.

Remitímonos, por mor das necesarias concisión e brevidade, ao contido dos artigos 325 a 328 do RLSG, ao respecto da subrogación, adopción e impugnación de acordos e disolución e liquidación.

Asemade, no que atinxe á vixencia, aplicouse o prazo máximo de cinco anos dende a recepción municipal das obras de urbanización, previsto na Ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo, así como a teor do disposto no  artigo 19 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia; prazo prorrogable por períodos de dous anos a petición das persoas propietarias de, canda menos, o 50% da superficie do polígono.

VI.- Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU, ao entenderse a constitución da Entidade de Conservación directamente anoada ao instrumento de xestión aprobado.

Polo canto antecede, proponse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar aprobación aos «Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do polígono II da AOD- A-3-10 ESTURÁNS» achegados pola promotora/propietaria única “Prazadouro SL” con data do 30.06.2020 (Cod. Sol.: W446009-9181) .

SEGUNDO: Dispoñer que, a constitución en escritura pública documento protocolizado notarialmente da Entidade Urbanística de Conservación sexa adiada ao intre ou con anterioridade a que se produza, por parte da mercantil propietaria única, o alleamento a terceiros de calquera parcela ou porción de parcela de resultado da súa propiedade no polígono; sempre que se proceda a instancia e por conta de “Prazadouro, SL” á anotación no Rexistro da Propiedade, mediante nota á marxe e en cada unha das parcelas de resultado do proxecto de equidistribución aprobado que sexan da súa propiedade, da obriga de pertenza á entidade de conservación que se aproba por este acto e cuxos estatutos serán publicados na sede electrónica municipal, así como da afección real das referidas parcelas aos fins e obrigas de conservación e mantemento da entidade, incluso antes de que sexa constituída, consonte ao disposto no artigo 322.3 do RLSG e durante un prazo de cinco anos a contar dende a recepción da totalidade das obras de urbanización.

A referida anotación deberá realizarse unha vez adoptado e publicado este acordo aprobatorio e os Estatutos na sede electrónica do Concello e, en todo caso, con anterioridade á recepción das obras de urbanización.

TERCEIRO: Dispoñer en consecuencia que, en canto que non se constitúa a Entidade Urbanística de Conservación, a promotora/propietaria única asumirá a totalidade das obrigas de conservación e mantemento ás que se refiren os estatutos, durante o tempo que medie entre a recepción das obras de urbanización e ata que, unha vez constituída a entidade, se dea traslado á Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, dunha copia autorizada da escritura, o que determinará a adquisición da personalidade xurídica e capacidade de obras da EUC ou ben ata que transcorra o prazo de cinco anos dende a recepción da totalidade das obras de urbanización.

CUARTO: Designar como representante desta Administración municipal na entidade urbanística que se poida constituír, aos efectos previstos na lexislación de aplicación, á Concelleira delegada da Área de urbanismo do Concello de Vigo, (atribución que poderá ser delegada nunha funcionaria/o de carreira da XMU, correspondente á escala A, subescala A1, adscrita á Área de Desenvolvemento Urbanístico

QUINTO: Dispoñer a publicación do anuncio desta acordo, por conta da promotora, no "Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra" e, xunto cos Estatutos aprobados, na sede electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org), así como a notificación ás persoas interesadas no procedemento, con ofrecemento do réxime de recursos procedentes.

Asemade, darase conta deste acordo aos servizos municipais atinxidos, para o seu coñecemento e aos oportunos efectos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano resolutorio, decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 21/02/2023.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de aprobación do expediente de contratación e adxudicación do contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da central de contratación da FEMP. Expte. 6782/241.

.- Aprobación do "Plan de Sostenibilidade Turística do Destino Vigo, 2023" e solicitude de presentación para a súa posible inclusión no Plan Territorial de Sostibilidade Turística en Destino do Ministerio de Industria,Comercio y Turismo (solicitude de subvención).Expte. 8437/104.

.- Adxudicación do procedemento negociado sen publicidade do servizo de retransmisión televisiva vía streaming dos actos institucionais do Concello de Vigo. Expte. 19450/101.

.- Nomeamento como funcionarias interinas de dúas subalternas para o servizo de Benestar Social. Expte. 41780/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**29(165).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. Expte. 6782/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 1/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data de data 01/03/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desensolvemento local, a concelleira-delegada de Área e conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

k)Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

l)Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

m)Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

n)Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

o)Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

> "PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.
>
> SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.
>
> TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos".

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, en data 4 de marzo de 2022, acordou adherirse ao Convenio marco de mediación de riscos e seguros da central de contratación da FEMP, formalizándose o contrato baseado o 3 de marzo de 2020 con Willis Iberia.

**Cuarto.-** A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 8 relativo a "Seguro colectivo de accidentes" .

O citado lote 8 do acordo marco foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizouse en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, comenzando a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórroga dun ano de duración cada unha, se ben se prevé que a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses.

**Quinto.-** Mediante resolución de 26 de maio de 2022, o Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou o inicio dun expediente de contratación, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

**Sexto.-** En data 7 de febreiro de 2023 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 8 a través de la plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

**Sétimo.-** Recibidas as ofertas o 10 de febreiro de 2023, dentro do prazo conferido ao efecto, procedeuse a súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, Willis Iberia, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración presentouse a través do Rexistro Xeral do Concello o día 17 de febreiro e foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 30. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é MARKEL INSURANCE.

**Oitavo.-** Consta no expediente o documento contable de retención de crédito, de data 28 de febreiro de 2023:

- RC nº 202300017457 e 202300017460
- RCFUT1 nº202300017459

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**-I-**

**Do expediente de contratación**

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 28 de febreiro de 2023.

**-II-**

**Do acordo marco**

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros. O lote 8 relativo ao seguro colectivo de danos foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021. Este acordo formalizouse o 12 de marzo do mesmo ano, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de 2 anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.

2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.

3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).

4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco se perfeccionan coa súa adxudicación.

**-III-**

**COMPETENCIA**

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.

**ACORDO**

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación do seguro privado das persoas voluntarias inscritas na bases de datos da Oficina Municipal de Voluntariado, mediante adhesión ao acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes.*

*Segundo- Autorizar o gasto por importe total 7.468 € (exento de IVE), segundo consta na memoria económica do servizo xestor.*

*Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, de acordo coa oferta formulada:*

- *Prima: 7.468 €*
- *Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 5.000.000 €.*
- *Redución na prima mínima de emisión de 180 €.*

*Cuarto.- No presente contrato baseado non se esixe garantía definitiva ao adxudicatario por canto a depositou na FEMP consonte ao previsto na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas que rexe o acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP.*

*Quinto.- O contrato baseado iniciarase en data 3 de marzo de 2023.*

*Sexto.- Imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 9251 2240000 "SEGURO VOLUNTARIOS/AS" e con cargo á bolsa de vinculación.*

*Sétimo.- Nomease responsable do contrato baseado a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.*

*Oitavo.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante, e a remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada."*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(166).- APROBACIÓN DO "PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA DO DESTINO VIGO, 2023" E SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PARA A SÚA POSIBLE INCLUSIÓN NO PLAN TERRITORIAL DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO (SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN).Expte. 8437/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 02/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/03/2023, asinado pola técnica do Servizo de Turismo e pola concelleira-delegada de Área (Resolución do 27/02/2022), que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

A pandemia de COVID-19 está a supor unha emerxencia sanitaria a nivel global e o turismo é un dos sectores económicos máis afectados. Aínda non sabemos cal será o impacto final da crise sanitaria no turismo en España, pero o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos pretende contribuír a que, cando volva a recuperación, sexa máis responsable e sustentable.

O Programa de Plans de Sustentabilidade Turística foi aprobado pola Comisión Sectorial de Turismo na súa reunión de 25 de xuño de 2020, e inscríbese no terceiro alicerce, «Mellora da competitividade do destino turístico», do Plan de Impulso do Sector Turístico (Real Decreto-lei 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego).

A Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), a través da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística exerce a función de deseño e implantación de estratexias encamiñadas ao desenvolvemento e mellora dos destinos turísticos baseadas na calidade, a promoción da excelencia, a corresponsabilidade público-privada, a participación social, a sustentabilidade ambiental, social e económica e a adaptación aos novos requirimentos da demanda. Asi mesmo desenvolven plans e programas que promoven a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade de produtos turísticos de alto valor engadido para o cliente; así como o fomento de novas categorías de produto que contribúen á desestacionalización e desconcentración da oferta, todo iso baseado na colaboración público-público e público-privada. Estas intervencións públicas sobre os destinos turísticos para mellorar a súa sustentabilidade e competitividade son claves para manter o atractivo de España e o emprego do sector turístico.

O presente Programa vai dirixido a incrementar a sustentabilidade e a capacidade operativa da EE.LL. e dos xestores dos destinos. É preciso establecer un novo modelo de cooperación público privado que supere o marco actual de cooperación puntual e que responda á caída da demanda e á necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global. Este Programa axudará ás entidades locais xestoras dos destinos turísticos a articular plans de acción locais que incorporen

actuacións en resposta a esta crise, que melloren a sustentabilidade dos destinos e que, en estreita colaboración co sector privado, permitan recuperar, manter e atraer a demanda turística.

O 27 de xaneiro de 2023 aprobouse en conferencia sectorial extraordinaria unha nova edición do Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, o instrumento principal de intervención da Administración turística española. A Secretaría de Estado de Turismo destina 478 millóns de euros a esta edición que, unha vez máis, cofinanciarán as Comunidades Autónomas e entidades locais cuxos proxectos sexan seleccionados.
O obxectivo do programa é avanzar cara á transformación dos destinos turísticos cara a un modelo baseado na sustentabilidade ambiental, socioeconómica e territorial. Esta edición ordinaria de Plans de 2023 diríxese a tres categorías de destinos turísticos: sol e praia, rural e urbano.
A entidade beneficiaria e responsable da execución do plan en todas as súas fases deberá ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O municipio.
- A provincia.
- A illa nos arquipélagos balear e canario.
- As comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios, instituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As áreas metropolitanas.
- As mancomunidades de municipios.

## ESTRATEXIA DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO

A Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos pon a énfase na actuación sobre o destino e ten en conta as súas especiais necesidades e características; diríxese ao conxunto do ecosistema turístico específico do destino, incluíndo ás institucións públicas autonómicas e locais que operan sobre él, pero tamén a entidades sociais e sector empresarial.

A Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos responde a dous obxectivos xerais:

- En primeiro lugar, apoiar aos destinos turísticos españois, calquera que sexa a súa escala e o tipo de demanda ao que responda, no seu proceso de transformación cara a hubs ou polos de innovación turística capaces de integrar na súa oferta a sustentabilidade ambiental, socioeconómica e territorial, e de desenvolver estratexias de resiliencia fronte aos novos retos do ecosistema turístico, desde o cambio climático, até a sobre demanda turística ou as crises sanitarias e de seguridade.
- O segundo obxectivo xeneral é alcanzar, a través dos distintos instrumentos de intervención, unha maior cohesión territorial, non só relacionando a oferta e os destinos de cada territorio, senón creando conexións entre os destinos de distintas rexións. Neste sentido, a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos busca un desenvolvemento equilibrado do potencial turístico no conxunto do territorio, á vez que pretende consolidar vínculos de solidariedade no interior das comunidades, de maneira que contribúan á solución de problemáticas comúns das dimensións ambiental, socioeconómica e territorial da sustentabilidade, promovendo unha repartición racional das cargas sobre o territorio e consolidando unha xestión territorial integral que axude a frear os procesos de despoboamento.

Os resultados esperados son entre outros:

- Mellorar os destinos turísticos grazas ao investimento en actuacións craves para o aumento da súa competitividade que permitan exercer un efecto tractor sobre a demanda turística e un efecto dinamizador do sector turístico privado.
- Incorporar de maneira efectiva a sustentabilidade e a dixitalización na xestión dos recursos, infraestruturas e produtos turísticos dos destinos.
- Diversificar a oferta de destinos turísticos para contribuír a xerar oportunidades de emprego e actividade, redistribuír a renda turística e favorecer a cohesión territorial e a desconcentración da demanda, en particular nas zonas rurais, así como propiciar a desestacionalización.
- Mellorar o capital natural do sistema turístico, garantindo o seu perennidade mediante a redución das emisións, a mellora da xestión de refugallos e augas, a protección, restauración e aproveitamento turístico dos ecosistemas, a renaturalización dos mesmos e a introdución de actuacións de prevención ou mitigación dos efectos do cambio climático.

**1.- CLASIFICACIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS POLA SÚA NATUREZA OU CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS**

A Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos identifica tres categorías de destino con características diferenciais: destino turístico de sol e praia, destino turístico rural e destino turístico urbano. Dentro de cada categoría especifícanse á súa vez un conxunto de subcategorías.

- Destino turístico de sol e praia.

Os destinos de sol e praia son pioneiros da oferta vacacional e marcaron o posicionamento exterior do turismo español. A pesar do notable aumento nos últimos anos do turismo urbano, de interior e da España Verde, todos os destinos de sol e praia actualmente supoñen o 65% do total da oferta e a demanda turística en España. Ás novas esixencias de seguridade sanitaria, á consolidación dos competidores no Mediterráneo Oriental, ou ás transformacións nos modelos de comercialización da oferta, con menos turoperadores clásicos e máis actores dixitais, súmase a presenza dun consumidor cada vez máis informado, máis esixente e con maiores alternativas, e a unha demanda cidadá crecente alentando que se mellore a distribución dos beneficios socioeconómicos do turismo entre as poboacións locais. Todo iso esixe unha estratexia que poña a sustentabilidade no centro das políticas turísticas con orientacións capaces de perennizar o éxito destes destinos e de incrementar a súa competitividade, reforzando a variedade da experiencia turística, a xestión desta experiencia grazas a ferramentas dixitais, e á elevación constante dos estándares de calidade, a participación da poboación local nos beneficios do turismo, a redución do seu impacto ambiental, a contribución á eficiencia enerxética e a recuperación ou o mantemento dunha contorna atractiva onde poidan coexistir unha variada gama de experiencias de viaxe grazas á diversidade e a flexibilidade da oferta complementaria.

- Destino turístico rural

O interior da península e das illas é un territorio que conta con inxentes recursos patrimoniais e naturais, que teñen un potencial turístico cunha ampla marxe de desenvolvemento. A mellor integración deste inmenso territorio no sistema turístico español é decisiva no cumprimento dos obxectivos da política turística e de reto demográfico, contribuíndo á desestacionalización, a desconcentración e a distribución da renda turística. Mellorar a calidade de vida dos seus poboadores, xerar oportunidades laborais, dinamizar espazos sociais envellecidos, xerar tecido asociativo e empresarial a escala local, e supramunicipal, dar saída ás súas producións e iniciativas abríndolles novos mercados, apoiar a tecnificación dos destinos e coadxuvar na estratexia contra o despoboamento, son algúns dos obxectivos cara aos que debemos avanzar para facer destes destinos espazos de oportunidade.

- Destino turístico urbano

O turismo urbano concentra aproximadamente un cuarto da demanda turística internacional cara a España. Unha alta porcentaxe das empresas turísticas están instaladas nos grandes municipios. As cidades son, ademais, as principais vías de acceso ao país polos seus aeroportos. Estes destinos poden estar configurados por territorios de similares características que abarquen máis dun municipio sempre que o plan contribúa a coselos a partir de converxencias temáticas ou tipolóxicas, por exemplo mediante o desenvolvemento dun produto-destino. Exemplo disto podería ser unha ruta vinculada a un produto (por exemplo, unha ruta do viño ou carreiros de montaña) xa existente ou de nova creación ou ben o aproveitamento de recursos naturais, como zonas de baño de auga doce, sobre a que poder mellorar a experiencia do destino. Asi mesmo, poderá considerarse como destino unha agrupación de entes locais que presente unha oferta con certa coherencia e complementariedade ou cun relato común que poida articularse e reforzarse a través das actuacións do plan, xerando unha masa crítica de oferta que exerza un efecto multiplicador do investimento no territorio.

As intervencións en destinos urbanos divídense en tres subcategorías:

1.-Gran destino urbano (Madrid e Barcelona)

Tanto por dispor dun réxime xurídico especial grazas á Lei de Capitalidade e Réxime Especial de Madrid e á Carta Municipal de Barcelona, como polo seu carácter de grandes destinos globais, Madrid e Barcelona constitúen unha categoría especial dentro da urbana. Con respecto a outros destinos urbanos, son polos tractores que se enfrontan a enormes retos globais. Pola súa complexidade sistémica e ao mesmo tempo, polo seu dinamismo, Madrid e Barcelona son eixos centrais do ecosistema turístico español e destinos cunha alta capacidade para a innovación e a experimentación de novos modelos de turismo. Son, ademais, puntos focais á hora de definir, deseñar e implementar políticas de transformación turística avanzada en ámbitos como a sustentabilidade, a mobilidade, a innovación, a eficiencia na xestión de fluxos e espazos, a coexistencia de usos, o reequilibrio urbano, a igualdade, as políticas de xénero, etc.

2.-Destino urbano

Dirixidos a cidades de máis de 150.000 habitantes cun forte perfil turístico. Os plans nestas cidades céntranse en xerar, reforzar e perennizar un modelo turístico sustentable, acorde coa súa capacidade de carga e capaz de aproveitar o potencial inexplotado das mesmas. Aínda que en boa medida os seus retos coinciden cos dos grandes destinos urbanos, estes destinos necesitan máis que aqueles ampliar os seus centros turísticos, transformando e dinamizando os seus barrios para incorporalos á súa oferta de cidade, xerar nova oferta cultural así como mellorar e ampliar a existente, investir na dixitalización dos servizos turísticos, rehabilitar o circuíto comercial impulsando os circuítos curtos e a economía circular, pór en valor todo o que permita articular a cidade co seu territorio, desde a gastronomía até as tradicións populares, e aproveitar a súa escala para avanzar de maneira decidido no desenvolvemento de sistemas de mobilidade sustentable.

Os seus obxectivos específicos son:

- Mellorar a imaxe da cidade.
- Transformar e dinamizar barrios.
- Desenvolver sistemas de mobilidade sustentable.
- Mellorar a eficiencia enerxética.
- Crear e desenvolver produtos turísticos completen a experiencia do destino.

- Impulsar proxectos de tecnificación do destino.
- Rehabilitar o tecido comercial.
- Mellorar a accesibilidade universal.
- Mellorar a monitorización dos fluxos turísticos.

3.-Cidade con identidade turística
Esta categoría acolle destinos urbanos cunha poboación entre 150.000 e 20.000 habitantes, con alta concentración de recursos con potencialidade turística, xa estean relacionados co patrimonio cultural, artístico, arquitectónico ou doutra índole, ou con centros históricos de alto interese turístico, incluídos, en todo caso, os declarados pola UNESCO Patrimonio da Humanidade. Pola súa especial natureza, estes destinos presentan un conxunto de necesidades e de problemas que xustifican a súa pertenza a unha tipoloxía especial.

A Estratexia establece unha tipoloxía de destinos aos que corresponden uns limiares mínimos de investimento por plan.
- Gran Destino Urbano (Madrid e Barcelona): 10 millóns de euros.
- Sol e Praia moi internacionalizado: 5 millóns de euros.
- Destino Urbano/ Cidade con identidade turística/ Son e praia mixto ou residencial: 2 millóns de euros.
- Rural costeiro/ Espazos naturais terrestres/ Destinos rurais con identidade turística: 1 millón de euros.

**2.-ACTUACIÓNS ELIXIBLES**

Cada destino debe seleccionar as súas actuacións xustificando a necesidade ou oportunidade das mesmas e enlazándoas coa consecución dos obxectivos propostos para a subcategoría de destino á que se vincule.
Procedeuse a unha clasificación das actuacións en 4 Eixos prioritarios relacionados cos obxectivos do PRTR.

EIXO 1. Actuacións no ámbito da transición verde e sustentable:
Este eixo comprende actuacións de restauración ambiental, xestión de espazos naturais, accións de implantación de economía circular, rehabilitación sustentable de edificios e actuacións de adaptación ao cambio climático.
A continuación, detállase o tipo de actuacións que poden incorporarse a este eixo:
Restauración ambiental: mellora na xestión de verteduras, restauración paisaxística de obras e infraestruturas, recuperación de zonas húmidas degradadas, restauración de hábitats para a fauna e flora, creación de corredores ecolóxicos e corredores verdes, plans de saneamento integral, sistemas de reutilización da auga, adecuación de canles e ramplas, prevención de pragas, prevención de inundacións, así como a rehabilitación sustentable de edificios.
Adaptación ao cambio climático do destino e as súas infraestruturas: desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, incluíndo sistemas de alerta temperá, seguimento e avaliación, fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre o territorio. Creación de oferta alternativa para

adaptación a tempada turística, adaptación de equipamentos (pistas de esquí), protección de praias e recursos turísticos, fomento do seu resiliencia fronte aos efectos do cambio climático, etc.
Implantación de medidas de economía circular en servizos públicos: redución de residuos, sistemas de separación e reutilización de residuos, diminución de desperdicios, sistemas de uso de produtos quilómetro cero, mellora da trazabilidad de cadea de subministracións, etc.
Xestión do uso público en espazos naturais: solucións baseadas na natureza, creación/mejora de equipamentos de uso público (modernización de centros de interpretación, TIC para a interpretación), regulación do acceso a lugares singulares para mellorar o seu aproveitamento turístico sustentable (sistemas lanzadeira, rutas limitadas, aparcadoiros disuasorios), deseño e posta en marcha de servizos de uso público como rutas guiadas, establecemento de réxime de colaboración público-privada.
Posta en valor de servizos ecosistémicos: implantación de fórmulas de aproveitamento turístico de recursos naturais singulares (cotos micolóxicos, recursos faunísticos, etc.) en montes públicos e veciñais, espazos protexidos.
Infraestrutura ciclista e adecuación de itinerarios non motorizados: proxectos de vías verdes, adecuación do firme de vías verdes, adecuación de camiños e carreiros, dotación de equipamentos turísticos e estacións de reparación, creación de puntos de recarga, recuperación de estacións para uso turístico, instalación de puntos de auga, etc.

EIXO 2. Actuacións de mellora da eficiencia enerxética:
Este eixo comprende actuacións de eficiencia enerxética incluíndo as de mitigación do cambio climático, actuacións orientadas á redución da enerxía requirida para proporcionar produtos e servizos turísticos, limitando a contaminación por carbono e estimulando a transición cara a enerxías renovables así como actuacións de mobilidade sustentable.
Mitigación do cambio climático: implantación de tecnoloxías ambientais, mellora de eficiencia enerxética de sistemas de climatización, envolvente térmica, iluminación eficiente, sistemas de enerxía renovables. Redución de emisións de CO2 na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos.
Descarbonización: Implantación de sistemas dixitais de xestión da pegada de carbono.
Mobilidade sustentable: plans de mobilidade urbana, camiñabilidade dos destinos turísticos, conexión urbana-rural en áreas turísticas, implantación de sistemas de bicicletas, peonalización de rúas.

EIXO 3. Actuacións no ámbito da transición dixital:
Este eixo comprende todas aquelas actuacións que faciliten a mellora continua dos procesos incluídos na cadea de valor turística mediante o uso da tecnoloxía.
Comunicación e acceso de recursos e servizos ao turista en destino: Plataformas, webs, apps ou ferramentas dixitais ao servizo da inspiración, promoción e/ou comercialización turística. Microsites e outras ferramentas de promoción e mercadotecnia dixital. Deseño e desenvolvemento de folletos dixitais e outros materiais (mapas, catálogos, axendas, etc.) interactivos cos recursos do destino.
Personalización da información turística, desenvolvemento de guías interactivas. Planificación personalizada de rutas turísticas. Distribución de información turística contextualizada. Caderno de viaxe. Desenvolvementos de realidade inmersiva que permitan anticipar experiencias turísticas no destino baseadas en realidade virtual e mixta.

Xestión do impacto que xera o turismo no destino: Desenvolvemento e xestión de infraestruturas en materia de colectividade e sensórica (Internet of Things) no destino:
-Despregamento de Infraestrutura de fibra óptica.
-Despregamento de servizos 5GNSA e 5GSA para o turista.
-Despliegue de cobertura de mobiliario urbano.
-Identificación de procesos orientados al desarrollo del Cloud Computing y Edge Computing.
-Incorporación de Redes Wifi ou WiMax municipais.

-Incorporación de redes para a conexión de sensores.

Desenvolvemento de plataformas e sistemas de intelixencia turística en destino, que integren solucións de Big Data e de Intelixencia Artificial. Ferramentas para a xestión de fluxos, control de aforamentos e distanciamento social. Sistemas de escoita activa multi-idioma das opinións e preferencias da demanda turística (a través de “social listening ”, xestión da reputación online, xestión de crise de reputación online, monitorización de mencións de marca, identificación de influencers relevantes, etc.). Sistemas de seguimento de parámetros ambientais e sanitarios en destinos turísticos.

Empresas e provedores turísticos do destino: Accións en materia de dinamización do sector turístico (diagnósticos do nivel de dixitalización das pemes turísticas, asesoramento especializado, xornadas divulgativas, formación e capacitación). Ferramentas dixitais de formación e capacitación para a transformación dixital dos traballadores do sector turístico do destino. Implementación de ferramentas ou servizos de diferente natureza que contribúan á dixitalización das empresas turísticas e de valor para o turismo. Deseño, desenvolvemento e xestión de hubs ou repositorios de datos dos principais actores do destino tanto do ámbito do propio sector turístico (hoteis, restaurantes, axencias de viaxes, etc.) como de fora do mesmo (como operadores de telecomunicacións, plataformas dixitais ou entidades financeiras que operan no destino).

Gobernanza pública e o seu acceso a tecnoloxía: Accións en materia de formación e capacitación dos xestores do destino no uso de novas tecnoloxías e ferramentas dixitais. Plataformas e sistemas tecnolóxicos de monitorización e xestión ambiental do destino. Solucións e ferramentas dixitais para a xestión dos procesos que conforman o sistema integral do destino turístico, a súa estratexia e plan operativo, así como o seguimento da súa execución orzamentaria. Desenvolvemento dun plan de participación cidadá e turística dixital.
Desenvolvemento de cadros de mando que permitan medir a seguridade na gobernanza do destino. Sistemas de xestión de denuncias on-line. Sistemas de xestión de incidencias. Ferramentas para a comunicación de alarmas, incidencias, avisos.

EIXO 4. Actuacións no ámbito da competitividade:
Este eixo comprende todas aquelas accións de creación de oferta, mellora do produto, creación de equipamentos, embelecemento de espazos públicos, así como todo o relacionado coa mellora constante da xestión do destino. Comunicación e sensibilización de residentes e de turistas: campañas de sensibilización sobre sustentabilidade do turismo no destino para fomentar cambios de actitudes nos turistas e residentes.

Actuacións de mellora da contorna urbana: soterramento de cableado, mellora de elementos públicos (fachadas, pavimentos tradicionais de rúas), normativa para o uso de terrazas, adecuación de parques e xardíns, cubrimiento de colectores de lixo, decoración de fachadas, eliminación de graffitis, pantallas anti-ruído, reutilización de fontes, rehabilitación de rúas ou barrios, etc.

Reconversión de zonas turísticas: promoción, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural para o seu uso turístico, estudos para reconversión, deseño de sistemas, normativa e mecanismos de cooperaciónpúblico-privada para a reconversión, actuacións de “esponxamento” (eliminación de barreiras de acceso en praias, supresión de equipamentos obsoletos, sistemas de compensación urbanística, creación de zonas verdes, agrupación de equipamentos turísticos por zonas e usos), aparcadoiros disuasorios, restauración do dominio público
marítimo e terrestre, etc.

Inventarios de recursos turísticos: sistemas de información xeográfica de recursos, estudos de oferta turística, inventarios e avaliación do uso turístico de recursos, inventario de infraestruturas verdes e áreas a recuperar.

Certificacións de sustentabilidade: implantación de sistemas de certificación turística: Carta Europea de Turismo Sustentable, EMAS, ETIS (European Tourism Indicators System).

Creación de nova oferta turística. Procesos de creación de produtos turísticos sobre recursos e equipamentos turísticos, estudos de viabilidade de produtos turísticos, deseño de produtos turísticos con sistemas de requisitos para diferenciar e integrar os elementos que configuran os produtos turísticos, asesoría, formación e acompañamento para a implantación de produtos turísticos. Adaptación dos produtos turísticos ás especificidades dos diferentes segmentos da demanda e creación de ferramentas e formación específica para iso.

Mellora da accesibilidade: eliminación de barreiras físicas, adaptación de edificios públicos á accesibilidade física, mellora accesibilidade de información para grupos con necesidades especiais, sistemas de transporte especiais (carriños eléctricos).

Creación de equipamentos de turismo activo: deseño e adecuación de carreiros, parques de turismo activo, zonas para a práctica de turismo activo, implantación de sistemas de xestión público- privada.

Xestión de equipamentos para servizos turísticos: mellora de edificios municipais para o seu uso turístico (museos, centros de visitantes, oficinas de información turística, etc), mellora da sinalética.

Desenvolvemento de produtos turísticos: Medidas de apoio para converter recursos en produtos turísticos, apoio á participación público-privada no desenvolvemento de produtos turísticos, deseño, subministración e instalación de sinais de recursos, produtos e destinos.

Posta en valor de produtos locais para o turismo: sistemas de visita a explotacións, puntos de venda de produtos agroalimentarios, mercados de rúa de produtos locais, exposicións e degustacións.

Programas e protocolos de seguridade e hixiene: adquisición de métodos de limpeza, desinfección, prevención e profilaxe en equipamentos e lugares turísticos. Plans de protección contra incendios, plans de seguridade e rescate en zonas de montaña. Implantación de protocolos COVID.

Funcionamento do ente xestor do destino turístico: creación de equipos de xestión turística, Smart office, creación de Destination Management Organizations en destinos turísticos que aplican plans de sustentabilidade. Formación na xestión de fondos europeos.

Sistemas de avaliación de resultados: sistemas de indicadores de resultados, plataforma de xestión dos destinos turísticos, estudos das repercusións dos plans de sustentabilidade turística locais e rexionais, e do programa nacional e as súas repercusións socioeconómicas.

Mellora da Calidade do Destino: implantación, plans de mellora, distintivos.

## 3.- COMPOÑENTES OPERATIVOS DA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS

O Programa Extraordinario de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, Plans Territoriais) que se negociarán cada ano con cada unha das comunidades autónomas e as súas entidades locais e nun Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destino que contribuirá á prioridade turística nacional que se acorde para cada ano en diálogo coas comunidades autónomas e entidades locais.
O Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destino fináncíase con cargo ao orzamento adxudicado á submedida 2 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico de acordo á seguinte distribución de anualidades:

| 2021 | 2022 | 2023 | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 660.000.000€ | 720.000.000€ | 478.000.000€ | 1.858.000.000€ |

De acordo ao devandito orzamento, confeccionouse un modelo de distribución entre comunidades autónomas de asignacións máximas para os Plans Territoriais aprobados conforme ao procedemento establecido nesta Estratexia.
Ambos os Programas elabóranse entre a Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) e as comunidades e cidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a través da Conferencia Sectorial de Turismo.
A Secretaría de Estado de Turismo levará a cabo cantas actuacións sexan precisas para a definición, desenvolvemento, coordinación e execución das políticas turísticas do Estado, sen prexuízo das competencias da Conferencia Sectorial de Turismo e demais órganos de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e outras entidades públicas ou privadas.

**4.-PLANS TERRITORIAIS DE SUSTENTABILIDADE TURISTICA EN DESTINOS**
En cada anualidade de vixencia do Programa Extraordinario de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023 definiranse os Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, mediante un proceso coordinado coas comunidades autónomas e as entidades locais no que participarán os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.
Os Plans Territoriais permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.
Os Plans Territoriais configúranse como mecanismos de actuación cooperada entre a AGE, as CCAA, as EELL e o sector privado, co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. A participación na elaboración e deseño dos Plans Territoriais dos diferentes axentes que forman parte do ecosistema do destino, é unha peza crave para alcanzar a sustentabilidade do modelo de desenvolvemento turístico que España presentou á Unión Europea.
Para iso, crearase un Comité Consultivo para cada un dos territorios das comunidades autónomas, como órgano de participación dos actores públicos que operan no destino.
O Comité Consultivo estará formado por:
-Dous representantes da Comunidade Autónoma, asumindo un deles a presidencia do Comité.
-Dous representantes da Secretaría de Estado de Turismo.
-Un representante da Federación de Municipios de cada Comunidade Autónoma que, no caso das illas, poderá ser substituído por un representante dos consells ou cabildos insulares.

O Comité Consultivo participará nas fases de elaboración e seguimento do Plan Territorial. O Comité Consultivo reunirase a iniciativa do seu presidente, cando algún dos membros solicíteo ou, en todo

caso, semestralmente. Ditas reunións poderán celebrarse por medios electrónicos. Entenderase validamente constituído o comité cando estean representadas o tres administracións.

**4.1.-INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN**
Os Plans Territoriais articulan a súa intervención por medio de dous instrumentos:

- Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD)
- Actuacións de cohesión entre Destinos (ACD)

Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destino Constitúense como plans cuxo deseño e execución corresponde aos Entes Locais de cada un dos destinos. Orientaranse á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na presente Estratexia e cos documentos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo.
O seu período de duración é de tres anos, salvo os PSTD aprobados no Plan Territorial de 2023, que finalizarán o 30 de xullo de 2026.
O ente xestor dos PSTD é unha entidade local, de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:
-O Municipio.
-A Provincia.
-A Illa nos arquipélagos balear e canario.
-As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, instituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
-As Áreas Metropolitanas.
-As Mancomunidades de Municipios.

As CCAA poderán establecer igualmente como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local. O Plan Territorial de cada ano canalizará, polo menos, o 50% do seu orzamento a través de PSTD.

**PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.**

A Concellería de Turismo elaborou, seguindo a liña marcada pola "Estratexia de sostibilidade turística en destino", o "Plan de Sostenibilidade do Destino Vigo 2023" (adxunto ao expediente como Anexo I ) que permite identificar as necesidades que ten o sector turístico e consolidar Vigo como destino turístico, identificando retos para transformar o modelo turístico e convertilo nun modelo sostible, inovador, competitivo e de calidade, uns retos que deben afrontarse e compatibilizar con valores como o coidado do medio ambiente, a sostibilidade, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a mellora da gobernanza, a dixitalización oa preservación do patrimonio, así como a atención ás necesidades da poboación local de modo que os beneficios deste plan revertan sobre eles.

O Plan de Sostibilidade Turística do destino Vigo" está supeditado á aprobación polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, que se solicita e a súa posterior aceptación que se desenvolverá no seguinte marco orzamentario (adxunto ao expediente como AnexoII)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Plan de gestión de residuos diferenciada para el casco antiguo de Bouzas, y ámbito de influencia próxima**<br><br>**Se propone una recogida puerta a puerta para los establecimientos adscritos al canal HORECA. Para ello se llevará a cabo una campaña de información que consistirá en visitas a los establecimientos. Además, con el objetivo de reducir emisiones de ruidos y de gases contaminantes, se utilizará para la recogida de estos residuos vehículos recolectores compactadores eléctricos.** | 50.000,00 € | 215.600,00 € | | **265.600,00 €** |
| **Plan de renaturalización del Litoral del Casco histórico de Bouzas**<br><br>**Entre las acciones contempladas en esta etiqueta, están destinadas a mejorar la adaptación urbana al cambio climático, mediante la creación de espacios verdes y la renaturalización de la ciudad. Estas medidas tienen como objetivo mejorar la calidad del aire, reducir el efecto isla de calor urbano, aumentar la resiliencia ante los impactos del cambio climático y fomentar la transición hacia una economía más sostenible y verde.** | 207.100,00 € | | | **207.100,00 €** |
| | **257.100,00 €** | **215.600,00 €** | **- €** | **472.700,00 €** |
| Transformación del sistema de iluminación del casco antiguo de Bouzas (sistemas de bajo consumo y autosificinetes): estrategia de iluminación artística y funcional a través soluciones sostenibles del alumbrado público que combinen la energía solar para minimizar el consumo energético poniendo en valor los recursos patrimoniales asociados al turismo cultural y gastronómico de la ciudad. | 35.000,00 € | 50.000,00 € | 125.000,00 € | **210.000,00 €** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Proyecto de humanización Rua Pazo - Casco antiguo de Bouzas. Debido al carácter residencial de las edificaciones que conforman la alineación de dicha calle, evidencia la necesidad de primar el tránsito peatonal frente al de los vehículos. Se pretende una armonización de usos y mejora de los espacios urbanos, potenciando el espacio reservado para el peatón frente al vehículo. Esta actuación abarca también la renovación de la red de saneamiento, abastecimiento y distribución de agua, y a la implantación de un sistema de saneamiento separativa de aguas residuales, lo cual aumenta la eficiencia de los diferentes tratamientos que existen a lo largo de la red municipal, lo que ahorra energía en los diversos bombeos y elementos de depuración y mejora de la calidad de aguas en los diversos aliviaderos que presenta la red, lo que implica una protección y mejora del medio ambiente. Se trata de una calle que se encuentra dentro del casco antiguo de Bouzas, en la ciudad de Vigo. | | 350.000,00 € | | **350.000,00 €** |
| | **35.000,00 €** | **400.000,00 €** | **125.000,00 €** | **560.000,00 €** |
| Ampliación de la red de conectividad y sensórica del ayuntamiento este sistema se centrará registro de parámetros medioambientales y de comportamiento social (usos) del nuevo del nuevo espacio urbano público del casco histórico de Bouzas | - € | - € | 122.300,00 € | **122.300,00 €** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Estrategia de promoción digital del casco antiguo de Bouzas y fiestas culturales (brincaderia): Diseño de una estrategia de marketing digital que incluirá la creación de un microsite específico para la comunicación y acceso de recursos y servicios de la Villa de Bozuas al turista. Se incluirá el desarrollo de recursos digitales basados en recreaciones virtuales del patrimonio natural, cultural e inmaterial del entorno que permita anticipar experiencias ofertadas y poner la historia y el conjunto de patrimonio cultural que lo acompaña<br>al servicio del visitante de una forma más atractiva y enriquecedora.<br>- Creación WEB - Brinzadeira<br>- Diseño y lanzamiento de estrategia de marketing digital<br>- Reconstrucción Histórica de la Brincadeira en Realidad Virtual 360 para Turismo: producciones audiovisuales audio-guiadas (con voz narrativa de acompañamiento), hasta experiencias en las que el usuario elige dónde quiere ir y qué quiere ver.** | 34.500,00 € | 130.000,00 € | | **164.500,00 €** |
| | **34.500,00 €** | **130.000,00 €** | **122.300,00 €** | **286.800,00 €** |
| Primera fase del proceso de declaración de la Brincadeira fiesta de interés turístico de Galicia:<br>Adecuación de la puesta en escena de la celebración, la ambientación, la recreación, las instalaciones e infraestructura, y la imagen uniforme de los equipamientos del evento tales como toldos y elementos decorativos | | 40.000,00 € | 250.000,00 € | **290.000,00 €** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Mejorar la imagen final y la integracion urbanistica, paisajistica y ambiental del entono litoral del casco antiguo de Bouzas<br>Se generan amplias zonas estanciales y de descanso, a lo largo de todo el espacio de la intervención, en las que se dispone nuevo mobiliario urbano (pérgolas, sistemas de recarga eléctrica, etc) que se integran en el conjunto de forma armónica y coordinada, asi como en el entorno litoral. | 68.000,00 € | 250.000,00 € | 30.000,00 € | **348.000,00 €** |
| Ente Gesteor del PSTD: Diseño y puesta en marcha de un sistema de evaluación de impacto socioeconómico y ambiental derivadas de la ejecución del Plan. Se incluye la creación de un ente gestor responsable de la coordinación y seguimiento de las acciones del PSTD. | 25.000,00 € | 25.000,00 € | 25.000,00 € | **75.000,00 €** |

Actualmente, Vigo como destino turístico urbano intensamente competitivo, enfróntase a importantes retos para transformar o seu modelo turístico e converterse nun destino sostible, innovador, competitivo e de calidade. Uns retos que se deben afrontar e compatibilizar cun compromiso ambiental, cultural e tradicional, de mitigación e adaptación ao cambio climático, mellora da gobernanza, dixitalización, atendendo as necesidades locais.

Vigo é a maior cidade de Galicia, sendo o núcleo central dunha área metropolitana en proceso de formación acelerada, coa taxa de actividade máis alta no conxunto da provincia e Galicia. Ademais do seu núcleo urbano, existe un gran potencial inexplotado tanto de patrimonio natural como cultural asociado ás parroquias e áreas periféricas da cidade, para un desenvolvemento máis equilibrado e sostible do territorio que contribúa a desconxestionar as zonas turísticas máis populares. Neste contexto, a Vila de Bouzas é un importante foco de desenvolvemento socioeconómico polo seu patrimonio histórico e cultural, a súa actividade comercial e turística, a súa identidade propia e o seu

patrimonio natural. O borde litoral e a fachada marítima do centro histórico de Bouzas é unha dos seus principais acenos de identidade, como Villa de orixe mariñeira.
Desde o punto de vista ecolóxico, o aumento da presión humana sobre os ecosistemas e o cambio climático, proxectan efectos notorios na contorna de Vigo, modificando algunhas das características que o fan atractivo. Vigo está a impulsar iniciativas para mitigar os impactos e rexenerar contornas degradadas, que inclúen desde a recuperación do río Lagares e a súa contorna, a renaturalización da praia de Ou Vao ou Samil, a mellora e ampliación do paseo de Bouzas. Con todo, o bordo litoral e a fachada marítima, unha dos seus principais acenos de identidade, aínda require intervencións estratéxicas para lograr a rexeneración e renaturalización dos espazos naturais e áreas urbanas.
No ámbito da mobilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética, Vigo creceu nas últimas décadas de maneira dispersa, condicionada por importantes factores naturais do territorio como a súa especial orografía. Por iso, púxose en marcha con gran éxito, a maior estratexia de humanización do espazo público realizada en España con máis de 1.040 intervencións (entre obra executada e comprometida). Así mesmo, a cidade avanzou de forma significativa na creación de zonas verdes, sistemas de mobilidade inclusiva e a implementación de carrís bici e zonas peonís, sobre os que é necesario seguir avanzando para lograr a completa integración e articulación dos seus barrios, especialmente nos centros históricos da cidade.
No ámbito da competitividade, é necesario centrar esforzos en actualizar infraestruturas e servizos urbanos obsoletos do centro histórico e revitalizar barrios periféricos para contribuír a un desenvolvemento máis equilibrado e sostible da cidade, desconxestionando as zonas turísticas máis populares.
No ámbito da dixitalización, prevese que a revolución dixital acelérese, e siga aumentando a adopción tecnolóxica por parte de persoas, empresas e administracións. A cidade de Vigo, consciente do reto que representa, leva anos traballando en consolidar unha cidade máis intelixente e ao servizo dos seus habitantes que se recolle no seu Plan de Innovación de cidade “Vigo Smart City”. O proxecto “Vigo Smart City” e a Estratexia de Destino Turístico Intelixente que aínda conta con potencial desenvolvemento de innovación en relación co seu sector turístico.
Este traballo asegura unha sólida base na que se apoiará o plan de acción proposto para avanzar nesta dirección no sector turístico e mellorar a eficiencia e innovación do sector. Coa convocatoria do Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destino, exponse unha estratexia integral para a revitalización do centro histórico de Bouzas e o seu litoral, apoiándose nun programa, no que a súa identidade histórica e cultural e a súa relación co mar, sexan a base para unha renovación e incremento da oferta cultural e de lecer, a ampliación das zonas de interese así como as intervencións destinadas a rehabilitación deste espazo achegando un maior contido e presenza do natural, recuperando, por tanto, a esencia do lugar e da súa comunidade, de forma que os seus recursos sexan atributos diferenciais para a atracción de visitantes, desenvolvendo estratexias de resiliencia fronte aos novos retos do ecosistema turístico.

O obxectivo desta estratexia é dar continuidade ao PSTD 2022 consolidando un circuíto de transformación e dinamización dos barrios emblemáticos dos centros históricos do municipio, a través da súa rehabilitación e articulación, para xerar espazos de convivencia entre turistas e residentes. Todo iso, enmarcado nun compromiso cun escenario de neutralidade enerxética e a plena utilización de capacidades tecnolóxicas. Xerando unha nova oferta cultural que promova a complementariedade da oferta existente, conectando os recursos naturais e culturais que permitan fortalecer o empoderamento ou revalorización da paisaxe urbana.

Por último, a nova estratexia PSTD de Vigo tamén está aderezada co Plan director 2021-2023 Galicia Destino Seguro, cos seus obxectivos e liñas estratéxicas, nos que tamén menciónanse a dixitalización, a sustentabilidade ou a gobernanza. Para iso, preséntase unha estratexia integral que inclúe actuacións

moi maduras, con proxectos técnicos que as apoian e que, por tanto, mostran a súa solvencia en canto ao nivel de execución.

**CAPACIDADE ADMINISTRATIVA**

A estruturación orgánica do Concello de Vigo en relación á xestión municipal atópase organizada como un municipio de gran poboación desde a entrada en Vigo da Lei 57/2003, do 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de maneira colexiada na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. Esta atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollidas no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

En relación ás competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, Resolución con data do 18 de xuño de 2019, foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as da área, e Resolución de alcaldía de modificación delegación de competencias en concelleiros/as de área, de data 17 de agosto de 2020, delega na Concelleira delegada da área de Turismo, entre outros asuntos a de realizar "Propostas de actuación, coordinación e implementación local dos plans turísticos de ámbito estatal, autonómico, da área metropolitana, provincial e internacional e adecuación dos diversos ámbitos ao destino Vigo".

En base a todo o exposto, o "Plan de Sostibilidade Turística del destino Vigo 2023" responde aos requisitos establecidos na estratexia de sostibilidade turística en destino. Dito plan quedará supeditado a aprobación do mesmo e a súa posterior aceptación. A vista do contida da memoria proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PROPOSTA**

1. Aprobar a proposta do " Plan de Sostenibilidade Turística do Destino Vigo, 2023" de acordo cos contidos da memoria (Anexo I ) e o cuadro orzamentario (Anexo II) que se desenvolve neste expediente.
2. Aprobar a solicitude de presentación do "Plan de Sostibilidade Turística do Destino Vigo 2023" para a súa posible inclusión no Plan Territorial de sostibilidade turística en Destino no marco da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos, na convocatoria extraordinaria de Planes de Sostibilidade Turística en destinos para Entidades Locais, do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(167).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE RETRANSMISIÓN TELEVISIVA VÍA STREAMING DOS ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 19450/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 02/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/03/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación (Delegación data 03/05/2019), que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de retransmisión televisiva vía streaming dos actos institucionais do Concello de Vigo (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o servizo de contratación da gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais que se consideran de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local e en streaming.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 2 de febreiro de 2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 14 de febreiro de 2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación de 119.185,00 € co ive engadido. Sendo o importe do ive de 20.685,00 €*

*O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2023 e 2024, o a súa bolsa de vinculación. Sendo os importes das anualidades os seguintes:*

*Primeira e única anualidade: Do 1 de marzo de 2023 ao 28 de febreiro de 2024 por un importe de 119.185,00 € co ive engadido.*

*Ano 2023: 92.323,00*

*Ano 2024: 26.862,00 €*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP".*

**Segundo.-** O día 27 de febreiro de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 1 de marzo de 2023 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 1 de marzo de 2023 reúnense a xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19) e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado.

Á vista da documentación presentada e de conformidade co disposto na cláusula 14.3 do PCAP acordouse conceder un prazo e 3 días a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U. para que puidese emendar a documentación do sobre A.

Durante o prazo concedido, o 2 de marzo de 2023, o licitador presentou documentación. O mesmo día reúnense a xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa técnica de Administración xeral para a cualificación da documentación. Revisada esta, acórdase admitir a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U. por ter emendando correctamente a documentación do sobre A, abríndose a continuación o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA".

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación *"dado que a empresa foi seleccionada, as características do servizo determinadas e o prezo fixado"* nin outorgarlle puntuación. Así mesmo "*dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*".

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao

corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal. Os certificados de estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social xa foran achegados polo licitador no Sobre A.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a oferta. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de 15 días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 1 e 2 de marzo de 2023 de apertura dos sobres A e B, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U. (B-27.755.412) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de retransmisión televisiva vía streaming dos actos institucionais do Concello de Vigo (19.450-101) por un prezo total de 119.185,00 euros, sendo o importe correspondente ao*

*IVE de 20.685,00 euros e de acordo cos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(168).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIAS INTERINAS DE DÚAS SUBALTERNAS PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 41780/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 02/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/03/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Consta no expediente solicitude da área da xefatura da área de Benestar Socia conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando coa maior urxencia posible a cobertura das prazas vacantes da categoría profesional de subalterna/o, e informe asinado pola técnica de administración xeral no que se indica a posibilidade de cobertura das prazas vacantes con cargo a OEP 2022.

**II.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: *"pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a cobertura interina de dúas prazas de subalterna/o vacantes existentes na Área de Benestar Social con cargo á Oferta de Emprego de 2022."*

**III.-** Consta informe de verificación administrativa de data 02/03/2023, que inclúe candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

**IV.-** Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 02/03/2023, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino de dous subalternas/os con cargo ás prazas vacantes incluídas na oferta de emprego correspondente ao ano 2022 (art. 10.1.a) do TREBEP).

**V.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do

establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

<u>**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**</u>

**I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.*"
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."*
> <u>A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017)</u>.

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

> *“......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”*** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

*Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará

de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de dous subalternas/os con cargo ás prazas vacantes incluídas na OEP 2022.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 155 – ordenanza porteiro.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 27 do expediente) consta que:

*"Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación administrativa do expediente administrativo núm. 41.780/220, infórmase o seguinte:*

- *Que sendo necesario o nomeamento interino de dous subalternas/os, existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os.*

- *Que verificadas as lista de reserva, na categoría de subalternas/os obra no expediente administrativo a renuncia manifestada por escrito da/o seguinte candidata/o: P. Abilleira Piñeiro con DNI núm.***2324**, procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.*

- *Que, salvo de erro ou omisión, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 (BOPPO núm. 167 de 01/09/2022) e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, procede o chamamento como subalternas/os, aos candidatas/os que se relacionan a continuación e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

| ***Categoría: Subalterno*** | | |
|---|---|---|
| ***NÚM. ORDE*** | ***DNI**** | ***NOME E APELIDOS*** |
| ***1*** | ****7120*** | *S. Rodríguez Prieto* |
| ***2*** | ****2116*** | *E. Pérez Bande* |

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia."*

Os/as aspirantes interesadas/os e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

**VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 02/03/2023:

*"O custo para 2 postos cod. 155-ordenanza porteiro, de iniciarse a súa relación o 06/03/2023 , con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2023:*

| S.Base | CD | CE | S.social empr. | Total |
|---|---|---|---|---|
| 14.661,88 | 8.154,31 | 16.351,19 | 13.023,15 | 52.190,54 |

*Polo que o custo total para de 2 ordenza porteiro cod. 155 sería de 52.190,54 €.”*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

**VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

> “ *1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*
>
> *2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*
>
> *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
>
> *b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
>
> *c) La intervención material del pago.*
>
> *d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*”

**VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

**IX.- PROPOSTA DE ACORDO**

***“PRIMEIRO:*** *Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: 2 Subalternas/os*
- *Modalidade legal: funcionarias/os interinas/os para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP),* con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2022 (128.2 do TRRL), salvo que proceda a súa amortización.
- *Destino: Benestar Social*
- *Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en* ***todo caso por un máximo de 3 anos****, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- *Custe económico:* O custo para 2 postos cod. 155-ordenanza porteiro, de iniciarse a súa relación o 06/03/2023 , con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2023:

| S.Base | CD | CE | S.social empr. | Total |
|---|---|---|---|---|
| 14.661,88 | 8.154,31 | 16.351,19 | 13.023,15 | 52.190,54 |

Polo que o custo total para de 2 ordenza porteiro cod. 155 sería de 52.190,54 €.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinas/os con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como Subalternas/os aos candidatas/os: *S. Rodríguez Prieto* con *DNI ***7120*** e *E. Pérez Bande* con *DNI ***2116***, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(169).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez